

Universidade de Vigo

**71.487 persoas tituladas
da Universidade de Vigo
(1990-2015)
Evolución da oferta académica**

Luis Espada Recarey
Victor Manuel Martínez Cacharrón



Consello Social
Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

**71.487 persoas tituladas
da Universidade de Vigo (1990-2015)**
Evolución da oferta académica

Edita

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey

Coordenación

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

Deseño e paxinación

Diego Durán

Imprime

Roel Artes Gráficas

Depósito legal

VG 348-2017

ISBN

978-84-697-3482-7

Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo

Campus Universitario de Lagoas-Marcosende

Edificio Fundación

36310 Vigo

e-mail: observatorio.egresados@uvigo.es

tlf: 986 812 192

ÍNDICE

LIMIAR	9
INTRODUCCIÓN	13
UNHA INICIATIVA DO OBSERVATORIO DE EGRESADOS	15
Antecedentes	15
Xustificación	16
Metodoloxía	18
1. CREACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO	19
1.1 Antecedentes	19
1.2 Oferta académica	20
2. SITUACIÓN ACTUAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO	23
2.1 Oferta académica	23
2.2 Titulacións vixentes	23
2.2.1 Graos	23
2.2.2 Mestrados	26
2.3 Titulacións a extinguir	29
3. EVOLUCIÓN DA OFERTA ACADÉMICA	33
3.1 Evolución das Titulacións oficiais (1990-2015)	33
3.1.1 Evolución da oferta académica de titulacións oficiais e títulos propios	33
3.1.2 Ciclo de vida das titulacións oficiais da Universidade de Vigo	38
3.1.3 Cadro resumo da evolución do número de titulacións oficiais e títulos propios	41
3.2 Mestrados Universitarios (2006-2015)	42
3.2.1 Evolución da oferta académica de mestrados universitarios	42
3.2.2 Ciclo de vida dos mestrados	44
3.2.3 Continuidade de mestrados extinguidos	48
3.2.4 Cadro resumo da evolución do número de mestrados	49
4. TÍTULOS EMITIDOS (1990-2015)	51
4.1 Número total	51
4.1.1 Evolución quinquenal	51
4.1.2 Evolución anual	52
4.2 Títulos emitidos por ámbito académico	53
4.2.1 Evolución quinquenal	53

4.2.2 Evolución anual	54
4.3 Títulos emitidos por ciclo de estudos	56
4.3.1 Evolución quinquenal	57
4.3.2 Evolución anual	59
4.4 Títulos emitidos por titulación	60
4.4.1 Número de títulos emitidos por tipoloxía de titulación	61
4.4.2 Evolución quinquenal	70
4.5 Títulos emitidos por xénero	71
4.5.1 Evolución quinquenal	71
4.5.2 Evolución anual	72
4.5.3 Análise por ámbitos académicos	73
4.5.4 Análise por ciclo de estudos	74
4.5.5 Análise por titulacións	76
5. PERSOAS TITULADAS (1990-2015)	83
5.1. Número total	83
5.1.1 Evolución quinquenal	83
5.1.2 Evolución anual	84
5.2 Comparativa entre persoas tituladas e títulos emitidos	85
5.2.1 Evolución quinquenal	85
5.2.2 Evolución anual	85
5.3 Relación entre o número de títulos emitidos/persoas tituladas (t/p)	86
5.3.1 Persoas tituladas con titulación múltipla	87
5.4 Local de residencia	88
5.4.1 Europa	88
5.4.2 América, África e Asia	88
5.4.3 Estado español	89
5.5 Principais titulacións completadas por local de residencia	92
5.5.1 Alumnado non galego	92
5.5.2 Alumando galego	93
EPÍLOGO	95
CONCLUSIÓNS	97
1. Sobre as persoas tituladas	97
2. Sobre as titulacións	97
3. Sobre a procedencia das persoas tituladas	98
4. Sobre as principais titulacións completadas polo alumnado galego e de fora de Galicia	99
4.1 Alumnado galego	99
4.2 Alumnado non galego	99
5. Sobre os títulos emitidos por titulación	100
6. Sobre os títulos emitidos por xénero	101

BIBLIOGRAFÍA

103

ANEXOS

105

ANEXO 1: Evolución das titulacións oficiais por cursos académicos	105
ANEXO 2: Taxas de evolución quinquenal e interanual dos títulos emitidos	111
ANEXO 3: Evolución interanual dos títulos emitidos por ámbitos académicos	112
ANEXO 4: Cadro de datos da evolución interanual dos títulos emitidos por ámbito académico (%)	115
ANEXO 5: Cadro de datos estendido da evolución quinquenal dos títulos emitidos por ciclo de estudos (%)	116
ANEXO 6: Evolución interanual dos títulos emitidos por ciclo de estudos	117
ANEXO 7: Cadro de datos estendido da evolución interanual dos títulos emitidos por ciclo de estudos (%)	120
ANEXO 8: Distribución global agregada dos títulos emitidos por orde decrecente	121
ANEXO 9: Distribución global estendida dos títulos emitidos orde decrecente	127
ANEXO 10: Distribución quinquenal agregada dos títulos emitidos por orde alfabética	136
ANEXO 11: Distribución quinquenal estendida dos títulos emitidos por orde alfabética	143
ANEXO 12: Evolución anual dos títulos emitidos por xénero	154
ANEXO 13: Distribución global dos títulos emitidos por xénero e orde decrecente de presenza feminina	155
ANEXO 14: Evolución quinquenal da presenza feminina por titulacións (%)	161
ANEXO 15: Taxas de evolución quinquenal e interanual do número de persoas tituladas	168
ANEXO 16: Evolución quinquenal e anual da relación entre o número de títulos emitidos e o de persoas tituladas (t/p)	169
ANEXO 17: Local de residencia durante os estudos	170
ANEXO 18: Municipio galego de residencia durante os estudos	172
ANEXO 19: Principais titulacións completadas por persoas orixinarias de países estranxeiros	181
ANEXO 20: Principais titulacións completadas por persoas orixinarias de Comunidades Autónomas e provincias	183
ANEXO 21: Principais titulacións completadas por persoas orixinarias das cidades galegas (municipios con máis de 50.000 habitantes)	188
ANEXO 22: Principais titulacións completadas por persoas orixinarias de municipios galegos con máis de 20.000 habitantes	192

LIMIAR

Aqueles que leren este libro sentirán que ollaron a Universidade de Vigo reflectida nun espello. Revisaron a historia dos estudos universitarios do Sul de Galicia, desde que existen os tres campus de Vigo, Ourense e Pontevedra. O libro é “71847 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015). Evolución da oferta académica”.

Abarca os estudantes que pasaron polas súas aulas, os cursos que se impartiron, as variacións operadas pola evolución da procura, as especialidades máis solicitadas, a porcentaxe de alumnos de cada poboación e por xéneros. En fin, canta información existe da etapa docente.

Virá despois un segundo volume específico sobre os titulados/as, isto é, a experiencia dos graduados: como foi a traxectoria vital e profesional dos alumnos que estudaron nas súas aulas.

O puzzle completárase cunha terceira etapa que recolla o nomenclátor de alumnos e a súa especialidade académica. O equivalente a un Dicionario do Alumnado da Universidade de Vigo: o que estudaron, cal é a súa situación actual e os datos persoais. É unha tarefa titánica.

O traballo inxente xa completado non o realizou un equipo interdisciplinar, con todos os recursos da institución académica postos ao seu servizo, salvo coa colaboración do Consello Social. É o empeño individual dunha persoa que viviu desde as orixes, en tempos de escaseza, o seu nacemento e seguiu día a día a súa traxectoria: Luis Espada Recarey. Contou para esta empresa coa imprescindible colaboración de Víctor Manuel Martínez Cacharrón, enxeñeiro industrial e tamén titulado por esta Universidade.

Recompilaron un material inxente sobre o contexto académico, a formación, traxectoria, éxitos, cumprimentos e, nalgúns casos, frustracións, de millares de alumnos que trillaron camiños dispares.

Os seus íntimos desexos, despois deste esforzo magno, é que os titulados que triunfaron dentro e fora das nosas fronteiras, nos países máis desenvolvidos, regresen ao centro de orixe a compartillar as súas experiencias.

Non samente o modo de brillar nas súas especialidades, senón a reflectir sobre o que supuxo a carreira, o que sobra e falta. O que deberon facer, logo de pasar polas aulas, para encarar con acerto a actividade profesional.

O Profesor Luis Espada fechou o círculo sobre un dos compoñentes máis importantes da Universidade do Sul: o alumnado. No ano 1990, sendo reitor, iniciara a andaina con máis de doce mil matrículas, nos tres campus. Un cuarto de século máis tarde recompilou as historias dos graduados que a frecuentaron.

A diferenza das Universidades privadas, onde existen asociacións de antigos alumnos e unha ligazón afectiva que os mantén unidos, estean onde estiveren e por antiga que sexa a promoción, nas públicas, como é o caso de Vigo, non existe o cordón umbilical que os ligue ás aulas que os proxectaron. É unha das fallas da Universidade pública española, que parece conformarse con lanzar titulados ao mercado sen preocuparse co seu destino.

Esforzos como os que se deducen deste libro, e a intención dos seus autores de reverter a situación indesexada de desapego do centro de formación, propician o achegamento.

Por ventura para a institución académica, a persoa que estaba no sitio axeitado no momento oportuno era a idónea.

É unha incógnita o que tería sido da Universidade de Vigo con outro reitor á fronte, mais pode afirmarse, porque é un feito constatado, que nun cuarto de século aquel embrión académico desenvolveuse positivamente até chegar a figurar nas clasificacións entre as mellores do mundo.

Se non se tivese apuntado na boa dirección en profesorado e estudos, se non se tivese conformado un equipo reitoral capaz, e dado os pasos valentes para consolidar os tres Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra, con todas as dificultades que acarretou, podería ter sido diferente.

O que aconteceu cos estudos universitarios en Vigo, unha arela moi sentida pola poboación, é a demostración de que en todas as épocas xorden persoas con nome e apelido ou anónimas que marcan ese tempo e conseguen co seu puxe o obxectivo. Pode dicirse inequivocamente que a creación da Universidade constitúe un dos acontecementos máis relevantes desde que Vigo recibiu o título de cidade.

É chegado o momento de dala a coñecer. Mais só alguén que ama intensamente a institución podía empeñarse en acometer este traballo: tres anos de duración e millares de contactos e comunicacións con todos e cada un dos titulados que concluíron os seus estudos na Universidade de Vigo. A súa lectura será o mellor mestrado que calquera estudante pode recibir para encarar un reto profesional.

Coa posta en marcha do Observatorio de Egresados configurouse un *modus operandi* para acceder a facultades e escolas superiores, con charlas e presentacións que axuden a escoller campus e carreira, pois a institución non se preocupara até agora de fornecer os titulados para os encarreirar nun destino consoante á súa formación.

O libro “71487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015). Evolución da oferta académica” non é apenas o relatorio pormenorizado de números e porcentaxes dos alumnos que fixeron historia nos seus tres campus, é tamén a bagaxe da que a institución se pode orgullar por estar cumprindo obxectivos.

O resgate do compoñente humano marca o inicio dunha nova relación do alumnado que percebe que fai parte dun grupo. Aínda que abandone o colectivo, non hai un adeus, moi boas; un búsquese a vida.

Despois de acabar unha etapa, e deixar o niño académico vacío, como acontece nas familias, algo o retén ancorado á institución, desde a elaboración do libro que o identifica.

Conseguíuno o primeiro reitor, impulsado inexorablemente polo instinto de paternidade, de descender ao sentimento primixenio de manter unida á grande familia universitaria viguesa.

Ninguén outro podería desempeñar esa función de reintegrar ao pelotón a todos os alumnos espallados polo mundo e imbuídos do orgullo de pertencer a un colectivo ao que seguen unidos, por lonxe que estiveren.

O primeiro reitor fechou o círculo virtuoso deste ciclo: puxo a andar á Universidade do Sul de Galicia e agora recupera os titulados que saíron das súas facultades e escolas durante estes vinte e cinco anos.

Ceferino de Blas

INTRODUCCIÓN

A propia esencia da Universidade foi definida por Afonso X no Código das Sete Partidas como *"ayuntamiento de maestros y escolares que es fecho en algun lugar con voluntad e entendemento de aprender los saberes"*, isto é, como un acordo ou pacto polo que o escolar non se conforma pasivamente con ser ensinado e pede ser axudado a aprender e o mestre é quen debe comunicar os saberes. Desde os seus inicios, a universidade foi un foro de creación e transmisión de coñecemento. Por iso, estivo sempre necesitada dunha adaptación permanente ás mudanzas docentes e sociais que teñen lugar no seu entorno. Actualmente, en España as universidades públicas están submetidas aos poderes do Estado que contribúen ao seu financiamento nun 80%. Por outra parte, dispón dunha autonomía funcional e ten como norte e guía a defensa da liberdade académica no ensino e investigación.

O sistema universitario estatal está integrado por un total de 82 universidades: 50 públicas, entre as cales 47 presenciais, 1 non presencial e 2 especiais (UIMP e UNIA), ben como 32 privadas, das cales 28 son presenciais contra 4 non presenciais. Porén, se só considerarmos o número de universidades con produción científica, a cifra é de 58. Destarte, o número de habitantes por universidade sitúase en España por volta de 800.000, valor intermedio ao que presenta a Alemaña (1.000.000), Xapón (730.000), Italia (950.000) ou Francia (600.000). Con estes datos pódese concluír que non é excesivo o número de universidades españolas, aínda que acontece que hai moitas iguais, isto é, o sistema universitario tende á uniformidade. En consecuencia, impártense titulacións semellantes con planos de estudo diferentes, o que dificulta a mobilidade estudantil entre universidades e carreiras de igual título. Tamén resulta un tanto paradoxal que metade da oferta educativa española estea centrada nas áreas xurídico-sociais, porcentaxe que duplica o alumnado do ámbito científico e tecnolóxico, as ramas do saber máis significativas en investigación e desenvolvemento.

Actualmente, a universidade ofrece unha ampla oferta de titulacións, mais prima a proximidade territorial na escolla de estudos por parte do alumnado, o que non favorece a mobilidade estudantil. Así, segundo datos oficiais do curso 2014/15, os estudantes matriculados en universidades públicas procedentes doutras Comunidades Autónomas representaban, como promedio, só o 11,5% do total do alumnado. As mulleres son maioría, destacando en titulacións como Educación Infantil (93%), Enfermaría (80%), Psicoloxía (76%), Medicina (67%) ou Dereito (59%). Polo contrario, nas enxeñarías predominan os homes (76%).

Convén levar en conta que no mundo hai 17.000 universidades recoñecidas pola institución IAU (International Association of Universities). Nos rankings ARWU, THE ou QS de 2015 foron examinadas as 1.200 mellores universidades que desenvolvían docencia e investigación, non encontrándose ningunha española entre as 150 primeiras. Porén, están posicionadas 13 entre os 500 primeiros postos¹ e 7 entre as 100 mellores universidades do mundo con menos de 50

1) "Análisis de los datos de las universidades españolas en los Rankings internacionales" MECD, 2015.

anos de antigüidade (entre elas, a Universidade de Vigo²). Estes rankings universitarios valoran diferentes parámetros, entre os cales as publicacións científicas, empregabilidade, transferencia de coñecemento, captación de fondos internacionais para investigar e número de estudantes internacionais. Unha boa universidade é aquela que ten un bon cadro de profesorado, o que favorece a internacionalización da súa oferta. A aprobación das titulacións de grao e mestrado con carácter internacional depende de que se podan leccionar en linguas estranxeiras (o 7% das ensinanzas de grao e o 10% dos mestrados implantados nas universidades públicas).

O libro que ten nas súas mans é froito dun traballo que, baixo a miña dirección, non tería sido posíbel sen o apoio dado polo Reitor Salustiano Mato de la Iglesia e o seu equipo de goberno, o sólido compromiso do Consello Social da Universidade de Vigo, do seu Presidente Ernesto Pedrosa Silva e do seu Secretario Ignacio Rodríguez Iglesias, ben como as facilidades ofrecidas polo Persoal de Administración e Servizos que, dun xeito ou outro, se viu envolvido nesta iniciativa.

Desde a profunda convicción de que a fusión de vontades constitúe a forza motriz que permite avanzar todo proxecto humano, espero que esta obra contribúa para desvendar esa universidade descoñecida transcorrido xa un cuarto de século desde a súa creación.

Luis Espada Recarey

2) Información da Fundación Conocimiento y Desarrollo no seu ranking 2015 (a Universidade de Vigo ocupa o lugar 13 entre 60 públicas e privadas españolas avaliadas a partir de 31 indicadores de excelencia).

UNHA INICIATIVA DO OBSERVATORIO DE EGRESADOS

Antecedentes

Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos, datado en 3 de febreiro de 2016, o Consello Social da Universidade de Vigo aprobaba o Proxecto de posta en marcha do Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo. Este proxecto xorde co propósito de dotar á Universidade de Vigo dunha unidade responsábel de levar a cabo a estratexia de seguimento das persoas tituladas e de coordinar todo o relativo ao antigo alumnado.

Previamente, o equipo promotor deste proxecto, Luis Espada Recarey, Profesor Emérito, e Víctor Manuel Martínez Cacharrón, enxeñeiro industrial titulado por esta Universidade, promovera a realización, tamén coa colaboración do Consello Social, de tres estudos³ de seguimento e sobre o impacto académico e profesional das persoas tituladas pola Universidade de Vigo nas promocións de 2005 a 2010.

O acordo de 2016 formaliza o Observatorio de Egresados como unha unidade acaída para continuar estes traballos e consolidar as ligazóns co antigo alumnado a partir do estudo das súas traxectorias e situación profesional, coa finalidade de dispor dunha información actualizada, fiable e útil para a tomada de decisións no ámbito da Universidade. Este Observatorio configúrase como o encargado de estreitar a ligazón entre a Universidade e aqueles que se formaron nela. É unha unidade que promove, favorece e mantén a comunicación e ligazón constante coas persoas tituladas, reforzando a súa pertenza á institución.

Entre os obxectivos do Observatorio de Egresados están ofrecer á Universidade de Vigo información oportuna e veraz relacionada cos seus titulados/as a partir dun programa continuado de seguimento e actualización da información, ben como recompilar, xerar e difundir información relevante sobre o proceso de inserción profesional das persoas tituladas pola Universidade de Vigo.

Entre as súas funcións, están as seguintes:

- Elaborar e realizar estudos e enquisas de seguimento de persoas tituladas;
- Planificar e encamiñar a información institucional ao colectivo de titulados;
- Crear e consolidar unha base de datos actualizada por ano de promoción con todos os/as titulados/as das diferentes titulacións da Universidade de Vigo;
- Elaborar e difundir Informes de inserción laboral que permitan realizar un seguimento permanente da evolución da persoa titulada e a súa proxección profesional;

3) "Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2006 e 2007" (2013); "Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2008 e 2009" (2014) e "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010" (2015)

- Establecer estratexias de participación e apoiar na realización de eventos académicos, divulgativos, sociais e culturais, nos que se integren as persoas tituladas coas temáticas que sexan consideradas de interese;
- Dar seguimento e apoio aos/ás titulados/as en materia profesional e académica;
- Articular, en coordinación cos centros, titulacións e/ou departamentos, as actividades de extensión e de formación permanente coas persoas tituladas;
- Dar apoio e outras funcións da Vicerreitoría de Estudiantes e/ou Consello Social.

O Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo marcouse como primeira actividade proceder á localización e identificación das persoas tituladas desde 1990, cando se creou a UVIGO, até o curso 2014/15. Para poder conseguir este fin era necesario acceder aos listados do antigo alumnado da Universidade de Vigo. Foi através da Vicerreitoría de Estudiantes que o Observatorio de Egresados tivo acceso a esa información, desde que a Secretaría Xeral, previo informe favorábel da Asesoría Xurídica, autorizou expresamente a cesión desa información por tratarse de datos persoais. Na solicitude facíase constar que "os datos que se solicitan [...] serán usados para establecer contacto (a través do correo electrónico e/ou postal) para a aplicación de enquisas de seguimento de egresados/as. A finalidade é estender a realización de informes/ estudos de inserción laboral [...] que permita, á súa vez, a creación dunha base de datos con todos os titulados/as que dean o seu consentimento para recibir informacións sobre as actividades dirixidas pola UVIGO ao colectivo de egresados/as". A solicitude tamén especificaba que "en todos os casos, o tratamento estatístico das respostas das persoas participantes nestes estudos garante a absoluta confidencialidade, comprometéndose a respectar o seu anonimato e dispondo, ademais, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos que lle afecten. Estes datos son usados exclusivamente para fins da Universidade de Vigo".

Xustificación

De acordo co exposto anteriormente, a presente monografía ía ser unha primeira parte dun traballo financiado polo Consello Social da Universidade de Vigo, no que se abordaría a situación actual das persoas tituladas que completaron os seus estudos entre o curso 1989/90, primeiro da recién creada Universidade, e o 2014/15, que representaba o período dos seus 25 primeiros anos. O obxectivo era coñecer e confrontar as súas casuísticas a fin de dotar ao Observatorio de Egresados dunha base de datos que servise para establecer unha sólida relación entre a universidade e o seu antigo alumnado, onde este achegaría as experiencias das súas profesións, o que podería ser de utilidade ao alumnado actual sobre as titulacións que se imparten nesta institución académica.

No entanto, observouse que as informacións derivadas dos listados de persoas tituladas facilitados pola Vicerreitoría de Estudiantes tiñan entidade abondo para establecer, a xeito de foto fixa, un relatorio detallado sobre a evolución das titulacións e sobre as características das persoas cando cursaban os seus estudos ao longo desta etapa. Por iso, achouse acaído, primeiro,

identificar este alumnado antes de este comezar a exercer a súa vida profesional, deixando para un estudo posterior a análise das súas traxectorias profesionais.

Con estes condicionantes, este traballo describe o número de títulos emitidos e de persoas tituladas ao longo do período referido, tanto de forma global como por ámbitos académicos (Arte e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científico, Xurídico-Social, Multidisciplinar e Tecnolóxico), ciclo de estudos (ciclos curto e longo), titulación ou, máis especificamente, por xénero. No caso da análise das persoas tituladas tamén se pormenoriza a súa procedencia, tanto en nivel galego como do Estado español ou do estranxeiro.

De resto, convén lembrar que, no momento da creación desta universidade, impartíanse nove titulacións de ciclos curto e longo. Debido ás diferentes e continuadas mudanzas de planos de estudo, algunhas titulacións desapareceron ou mudaron o seu nomenclátor orixinario, surxindo outras con novos ou reformulados contidos. Por iso, pode parecer estraño que, ao longo destes 25 anos, se teñan impartido un total de 253 títulos, ou que, no curso 2016/17 a oferta de estudos oficiais sexa de 52 titulacións de grao, 54 mestrados e 38 titulacións de primeiro e segundos ciclos que se achan en fase de extinción.

Este feito está motivado, especialmente, polo proceso de implantación dos mestrados universitarios, moito instábeis e ás veces de curta duración, iniciados no curso 2005/06 coa primeira promoción e que alcanzou un máximo de 75 títulos no curso 2011/12.

Ao longo de dito período de estudo (1989/90-2014/15) foron surxindo moitas titulacións novas e algunhas outras mudaron de denominación, ou ben se extinguiron dando pasaxe a outras de contidos semellantes. Estas transformacións foron debidas, nunha primeira instancia, á implantación de novos planos de estudos e, máis recentemente, á adaptación das titulacións existentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Apesar da amplitude e variedade da casuística, para ilustrar este proceso sirva de exemplo o caso dos estudos de Maxisterio. Así sendo, o título único de Formación de Profesorado de Educación Xeral Básica deu lugar, coa actualización do seu plano de estudos, a seis titulacións específicas onde se facía constar de forma explícita a especialidade, surxindo así as diplomaturas de Mestre/a, especialidade en Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira. Posteriormente, coa implantación da Reforma de Boloña, estas titulacións extinguíronse dando lugar aos graos en Educación Infantil e en Educación Primaria coas súas respectivas mencións. Toda esta realidade permítenos falar dun “ciclo de vida” das diferentes titulacións. O Anexo 1 pormenoriza, de forma diacrónica, toda esta evolución, sinalando, para cada titulación, o curso da primeira promoción completada na Universidade de Vigo así como o da súa extinción coa última en completar os seus estudos.

Por todo isto, o estudo que se presenta podería denominarse co termo “a universidade descoñecida”, e ousamos prognosticar que moi poucos docentes e discentes coñecen os feitos e datos que esta obra pon ao seu alcance pola primeira vez.

Metodoloxía

Do punto de vista operativo, a metodoloxía utilizada para o desenvolvemento deste estudo, unha vez obtido o listado de persoas tituladas, exixiu un proceso previo de revisión e formatación das titulacións para identificar os títulos emitidos. Entre outras operacións, foron removidos os rexistros duplicados tanto no caso de seren repetidas tanto a persoa titulada canto a titulación realizada. Aliás, as operacións de formato de datos que permitiron a elaboración deste estudo tiveron a ver fundamentalmente coa codificación correcta do nomenclátor das titulacións, as especialidades e o curso académico.

Por outro lado, para desenvolver os contidos relativos ás persoas tituladas foi preciso tamén identificar e remover os rexistros duplicados das persoas que completaran máis dunha titulación, ben como formatar os campos relativos ao local de residencia (localidade, provincia e país).

A análise estatística dos datos foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar as relacións de significancia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa distribución esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel estiver ligada a outra ou se o valor observado dunha variábel depender doutra. Máis concretamente, esta proba serviu para determinar a existencia de relacións de dependencia estatística entre a titulación completada por unha persoa e o seu xénero.

1. CREACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1.1 Antecedentes

A Universidade galega creceu espectacularmente nas últimas décadas do século XX, pasando de 15.117 alumnos/as (curso 1970/71) para 49.145 (no 1987/88). As razóns foron varias, entre as cales, a alta natalidade na década de 1960, a crecente tendencia de exibir estudos superiores na selección de persoal cualificado e o aumento da escolarización. No entanto, mal o 19% do colectivo galego con idades comprendidas entre 17 e 24 anos estudaba nesa altura na universidade contra o 27% do promedio estatal, máis próximo do 30% europeo. Esta diferenza porcentual representaba que uns 20.000 mozos galegos non podían acceder a estudos universitarios. Neste cómputo global, as provincias de Pontevedra e Ourense representaban o 30,27% e 11,37%, respectivamente, dos estudantes inteGrao na Universidade de Santiago de Compostela. Por outra parte, no curso 1988/89, uns 3.000 estudantes galegos estudaban titulacións fora de Galicia.

A Universidade de Santiago de Compostela, que en 1989 contaba con perto de 52.000 alumnos e uns 2.000 profesores distribuídos en máis de 40 centros e 70 departamentos, estaba a tornarse nunha macro universidade que superaba o limiar crítico de 20-25.000 alumnos desexábeis e considerado o máis acaído para desenvolver áxiles procesos de xestión, administración e docencia. A disxuntiva entre un sistema de Universidade única e un outro cunha profunda descentralización ou de tres independentes e coordinadas concluíu coa implantación deste último modelo. Os poderes políticos locais e provinciais apostaron moito nesta solución, aínda recoñecendo que unha universidade descentralizada podería ter máis centros nos Campus xa existentes.

O Parlamento galego, na súa sesión de 11/07/89, aprobou o texto definitivo da Lei remetida polo Consello da Xunta sobre o Sistema Universitario de Galicia. Esta Lei, que entraría en vigor unha vez publicado o Decreto de Segregación, foi aprobada, isenta de debate, por unanimidade dos 61 deputados presentes dos 71 membros da cámara galega.

A Lei fixaba prazos para a súa execución: tres meses para nomear Reitores e membros da Comisión de Goberno, máis tres meses para que esta Comisión elaborase os seus regulamentos internos e as Normas Estatutarias Provisorias, constitución do Claustro antes de dous anos e para a do Consello Universitario marcábanse seis meses logo despois da súa entrada en vigor. O texto alargaba as funcións do Consello Universitario como órgano de asesoramento e consulta e pretendía que, no horizonte de 1996, 25% do total do estudantado universitario, uns 20.000, pertencese á área tecnolóxica. Por outra parte, o plano de financiamento plurianual, cuxos criterios determinaba a Lei, debería ser aprobado polo Parlamento vinte días após a publicación, o cal se levou a cabo no DOG de 16 de agosto.

Seguindo as directrices indicadas na Lei, o nomeamento dos novos Reitores polo Consello da Xunta tivo lugar o 14/09/89 (Decreto 176/1989) e a súa tomada de pose cinco días despois, nunha cerimonia celebrada no salón de actos do edificio administrativo de San Caetano da Xunta de Galicia. Por outra parte, as equipas reitorais foron nomeadas polo Conselleiro de Educación por Orde do 28/09/89 (DOG 02/10/89), ficando constituído o da Universidade de Vigo⁴ o 6 de outubro, despois de os seus integrantes procederen a deseñar os principios de actuación máis inmediatos de cara á segregación e á elaboración dos estatutos de funcionamento universitario.

Despois de case 500 anos realizábase pola primeira vez, no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, a cerimonia de abertura do curso académico 1989/90 coa presenza dos tres Reitores das Universidades galegas (Santiago, Vigo e A Coruña). A preceptiva lectura da memoria do curso anterior serviu para destacar o incremento experimentado dentro do profesorado e alumnado⁵. O principios da Carta Magna das Universidades europeas, que eran os que sempre debían presidir a vida universitaria, foron o eixo central do discurso reitoral nese acto unitario que se centrou na autonomía universitaria perante o poder económico e político, a liberdade de ideas na investigación e docencia, a recusa da intolerancia, a inseparabilidade da docencia e a investigación, a constancia e a preocupación na procura dos saberes universais por en cima de toda restrición xeográfica, política ou mental.

1.2 Oferta académica

Os estudos que se impartían na recién creada Universidade de Vigo distribuíríanse nos tres Campos que a compuñan, do seguinte xeito:

- Campus de Vigo: Ciencias Económicas e Empresariais, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Técnica Industrial, diplomaturas en Ciencias Empresariais, Graduado Social, Enfermaría e de Formación do Profesorado de Educación Xeral Básica (EXB), primeiros ciclos das licenciaturas de Bioloxía, Química, Filoloxía Xermánica, Filoloxía Hispánica e Filoloxía Románica.
- Campus de Ourense: diplomaturas de Formación do Profesorado de Educación Xeral Básica e de Ciencias Empresariais, primeiros ciclos das licenciaturas de Bioloxía, Química, Psicoloxía, Pedagogía e Xeografía e Historia, ben como un primeiro curso de Farmacia.
- Campus de Pontevedra: diplomaturas de Formación de Profesorado de Educación Xeral Básica e Enfermaría.

4) Estaba constituído por Luis Espada Recarey (Reitor), Xoán Leiceaga Baltar e Jesús de Juana López (Vicerreitores), Federico Vilas Martín (Secretario Xeral) e Jorge González Gurriarán (Xerente).

5) O incremento do Profesorado foi dun 7,6%, pasando de 1.934 para 2.081 profesores (dos que 229 eran Catedráticos de Universidade), sendo o número de alumnos de 51.224 (28.222 no Campus de Compostela, 9.089 no da Coruña-Ferrol, 8.675 no de Vigo-Pontevedra, 3.935 no de Lugo e 1.303 en Ourense). 14 Facultades, 4 Escolas Técnicas Superiores, 22 Escolas Universitarias e 4 Colexios Universitarios compuñan a Universidade de Santiago de Compostela antes da segregación.

No curso 1989/90 en que se levou a cabo a segregación da Universidade de Santiago de Compostela, o número de estudantes da nova Universidade de Vigo era de 11.524 (21,6% do total do alumnado universitario galego). Deles, 8.769 facíano no Campus de Vigo, 1.830 no de Ourense e 925 en Pontevedra. Por centros, a súa distribución comprendía 2.362 estudantes en Facultades, 1.686 en Escolas Técnicas Superiores (ETS), 5.913 en Escolas Universitarias (EU) e 1.563 nos Colexios Universitarios⁶ de Vigo e Ourense.

No último curso, 1988/89, representativo da Universidade de Santiago de Compostela como única institución universitaria galega, o número de vagas en titulacións con números clausus foi: Enxeñaría Industrial (300), Enxeñaría de Telecomunicación (175), Enfermaría-Vigo (55), Formación de Profesorado de EXB-Pontevedra (270), Formación de Profesorado de EXB-Vigo (180), Enxeñaría Técnica Industrial (450), Ciencias Empresariais-Vigo (400), Ciencias Empresariais-Ourense (250), Enfermaría-Pontevedra (60), Filoloxía Hispánica (110) e Filoloxía Xermánica (100).

Por outra parte, o alumnado matriculado nese curso era, por campus e centros, o seguinte:

- Campus de Ourense: EU de Estudos Empresariais (685), EU de Formación de Profesorado de EXB (720) e Colexio Universitario (510),
- Campus de Pontevedra: EU de Formación de Profesorado de EXB (830) e EU de Enfermaría (180).
- Campus de Vigo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (1.900), ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación (653), ETS de Enxeñeiros Industriais (750), EU de Estudos Empresariais (1.397), EU de Enxeñaría Técnica Industrial (1.250), Colexio Universitario (1.075) e EU de Enfermaría (353).

O 15,89% do estudiantado matriculado aprobou todas as materias en xuño e, en cuxos extremos máximo e mínimo, se achaba o alumnado que estudaba as diplomaturas de Enfermaría-Vigo (54,3%) e Enxeñaría Técnica Industrial (2,8%). A respecto do alumnado que aprobou todas as materias entre as convocatorias de xuño e setembro, os dous polos opostos foron Enfermaría-Pontevedra (73,20%) e Enxeñaría Técnica Industrial (5,41%). O resto de titulacións distribuíanse do seguinte xeito: Ciencias Económicas e Empresariais (10,30% e 18,22%), Enxeñaría Industrial (6,50% e 13,03%), Enxeñaría de Telecomunicación (5,80% e 13,55%), Ciencias Empresariais-Ourense (9,00% e 19,76%), Ciencias Empresariais-Vigo (5,40% e 11,95%) e Profesorado de EXB-Pontevedra (42,20% e 63,40%).

O perfil da modalidade de morada do alumnado no momento do nacemento da Universidade de Vigo era o seguinte: 42% vivían na casa paterna, 24% en pisos de alugueiro e 34% en residencias, pensións ou con outros familiares.

⁶ Centros nos que se impartían primeiros ciclos de titulacións de ciclo longo.

2. SITUACIÓN ACTUAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

2.1 Oferta académica

Segundo o listado de persoas tituladas fornecido pola Vicerreitoría de Estudantes para levar a cabo este informe, no curso 2014/15, última promoción incluída neste estudo, a oferta académica oficial era de 42 titulacións de Grao/PCEO, 53 mestrados, 3 títulos propios e 36 de primeiro e segundo ciclo en fase de extinción⁷.

Por outra parte, no momento actual (curso 2016/17⁸), os estudos ofertados abranxen 52 titulacións de Grao/PCEO, 56 mestrados⁹ e de 38 títulos en fase de extinción.

Para unha análise máis rigorosa da actual oferta académica, a seguir pormenorízanse os datos distribuídos por ámbitos de coñecemento e, á súa vez, por graos e mestrados, con indicación do centro e campus de referencia, ben como as titulacións a extinguir.

2.2 Titulacións vixentes

Esta epígrafe presenta as titulacións que no momento actual se imparten de forma plena no que respecta á docencia.

2.2.1 Graos

Artes e Humanidades

Titulación	Centro	Campus
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Linguas Estranxeiras	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Tradución e Interpretación	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Xeografía e Historia	Facultade de Historia	Ourense
Belas Artes	Facultade de Belas Artes	Pontevedra

7) Nesta oferta académica hai que incluír 31 cursos-ponte que permiten a transición entre os antigos ciclos curtos (estudos de diplomatura e de enxeñaría técnica) e os graos. En total, a suma de graos, títulos propios, titulacións en extinción e cursos-ponte ascende a 112 títulos.

8) Datos fornecidos pola Unidade de Estudos e Programas sobre o curso 2016/17 (Universidade de Vigo).

9) Sen considerarmos os mestrados oficiais en Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría de Telecomunicación e Enxeñaría Informática.

Ciencias da Saúde

Titulación	Centro	Campus
Enfermaría	EU de Enfermaría (Povisa/Meixoeiro) EU de Enfermaría EU de Enfermaría	Vigo Ourense Pontevedra
Fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	Pontevedra

Científico

Titulación	Centro	Campus
Bioloxía	Facultade de Bioloxía	Vigo
Ciencias do Mar	Facultade de Ciencias do Mar	Vigo
Química	Facultade de Química	Vigo
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias	Ourense
Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias	Ourense

Tecnolóxico

Titulación	Centro	Campus
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría en Organización Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría Eléctrica	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría en Química Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría Mecánica	Escola de Enxeñaría Industrial Centro Universitario da Defensa	Vigo Marín
Enxeñaría da Enerxía	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	ETS Enxeñaría de Minas	Vigo
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Vigo
Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	Ourense
Enxeñaría Aeroespacial	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	Ourense
Enxeñaría Agraria	Facultade de Ciencias	Ourense
Enxeñaría Forestal	Escola de Enxeñaría Forestal	Pontevedra

Xurídico-social

Titulación	Centro	Campus
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Vigo
	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Ourense
	Escola de Negocios AFundación (centro adscrito)	Vigo
Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Vigo
Turismo	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Ourense
Comercio	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	Vigo
Dereito	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Vigo
	Facultade de Dereito	Ourense
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Vigo
Educación Infantil	EU Maxisterio "Maria sedes sapientae"	Vigo
	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Educación Primaria	EU Maxisterio "Maria sedes sapientae"	Vigo
	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Educación Social	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Traballo Social	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra
Dirección e Xestión Pública	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra
Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra

Dobles Graos/PCEO¹⁰

Titulación	Centro	Campus
Administración e Dirección de Empresas- Informática	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo/Escola Superior de Enxeñaría Informática	Ourense
Administración e Dirección de Empresas-Dereito	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo/Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais Facultade de Dereito/Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Vigo Ourense

2.2.2 Mestrados

Arte e Humanidades

Titulación	Centro	Campus
Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Lingüística aplicada	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Teatro e artes escénicas	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Tradución multimedia	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Tradución para a comunicación internacional	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Arqueoloxía e ciencias da antigüidade	Facultade de Historia	Ourense
Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	Facultade de Historia	Ourense
Arte contemporánea, creación e investigación	Facultade de Belas Artes	Pontevedra
Libro ilustrado e animación audiovisual	Facultade de Belas Artes	Pontevedra

Ciencias da Saúde

Titulación	Centro	Campus
Nutrición	Facultade de Ciencias	Ourense

Científico

Titulación	Centro	Campus
Acuicultura	Facultade de Bioloxía	Vigo
Bioloxía mariña	Facultade de Bioloxía	Vigo
Biotecnoloxía avanzada	Facultade de Bioloxía	Vigo
Neurociencia	Facultade de Bioloxía	Vigo

10) Programación Conxunta de Ensinanzas Oficiais (PCEO) trátase de programas de estudos simultáneos postos en marcha ao abrigo do EEES para dar resposta á necesidade de ofertar unha formación multidisciplinar.

Oceanografía	Facultade de Ciencias do Mar	Vigo
Ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca	Facultade de Química	Vigo
Investigación química e química industrial	Facultade de Química	Vigo
Química teórica e modelización computacional	Facultade de Química	Vigo
Ciencia e tecnoloxía agroalimentar e ambiental	Facultade de Ciencias	Ourense

Multidisciplinar

Titulación	Centro	Campus
Profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas	Facultade de Bioloxía Facultade de Ciencias da Educación Facultade de Ciencias da Educación y del Deporte	Vigo Ourense Pontevedra
Técnicas estatísticas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Vigo

Tecnolóxico

Titulación	Centro	Campus
Enxeñaría Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Contaminación industrial: avaliación, prevención e control	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enerxía e sustentabilidade	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría da automoción	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría da construción	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría de organización	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría térmica	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Mecatrónica	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Prevención de riscos laborais	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Procesos de deseño e fabricación mecánica	Escola de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría de Minas	ETS de Enxeñaría de Minas	Vigo
Xeoinformática	ETS de Enxeñaría de Minas	Vigo
Enxeñaría de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Vigo
Matemática industrial	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Vigo
Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	Ourense
Fotónica e tecnoloxías do láser	Facultade de Ciencias	Ourense

Xurídico-Social

Titulación	Centro	Campus
Avogacía	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo Facultade de Dereito	Vigo / Pontevedra Ourense
Administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Vigo
Finanzas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Vigo
Xestión do desenvolvemento sustentábel	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Vigo
Creación, dirección e innovación na empresa	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Ourense
Dirección e planificación do turismo interior e da saúde	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Ourense
Xestión empresarial do deporte	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Ourense
Comercio internacional	EU de Estudos Empresariais	Vigo
Dirección de PEMES	EU de Estudos Empresariais	Vigo
Dereito de empresa	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Vigo
Menores en situación de desprotección e conflito social	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Vigo
Xestión e dirección laboral	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Vigo
Dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Intervención multidisciplinar na diversidade de contextos educativos	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Dirección integrada de proxectos	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Investigación en actividade física, deporte e saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Necesidades específicas de apoio educativo	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Dirección de arte en publicidade	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra
Dirección pública e liderado institucional	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra
Dirección e administración de empresas	Escola de Negocios Afundación (centro adscrito)	Vigo

2.3 Titulacións a extinguir

Esta epígrafe mostra as titulacións que están en proceso de extinción (diplomaturas, enxeñarías técnicas, licenciaturas e enxeñarías superiores) debido á implementación dos graos.

Arte e Humanidades

Titulación	Centro	Campus
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Licenciatura en Tradución e Interpretación	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Licenciatura en Filoloxía Galega	Facultade de Filoloxía e Tradución	Vigo
Licenciatura en Historia	Facultade de Historia	Ourense
Licenciatura en Belas Artes	Facultade de Belas Artes	Pontevedra

Ciencias da Saúde

Titulación	Centro	Campus
Diplomatura en Enfermaría	EU de Enfermaría (Povisa)	Vigo
Diplomatura en Enfermaría	EU de Enfermaría (Meixoeiro)	Vigo
Diplomatura en Enfermaría	EU de Enfermaría	Ourense
Diplomatura en Enfermaría	EU de Enfermaría	Pontevedra
Diplomatura en Fisioterapia	EU de Fisioterapia	Pontevedra

Científico

Titulación	Centro	Campus
Licenciatura en Bioloxía	Facultade de Bioloxía	Vigo
Licenciatura en Ciencias do Mar	Facultade de Ciencias do Mar	Vigo
Licenciatura en Química	Facultade de Química	Vigo
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias	Ourense
Licenciatura en Física	Facultade de Ciencias	Ourense

Tecnolóxico

Titulación	Centro	Campus
Enxeñaría Industrial	ETS de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial	ETS de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría en Organización Industrial	ETS de Enxeñaría Industrial	Vigo
Enxeñaría Técnica Industrial	EU de Enxeñaría Técnica Industrial	Vigo
Enxeñaría de Minas	ETS de Enxeñaría de Minas	Vigo
Enxeñaría de Telecomunicación	ETS de Enxeñaría de Telecomunicación	Vigo
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	ETS de Enxeñaría de Telecomunicación	Vigo
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	ES de Enxeñaría Informática	Ourense
Enxeñaría en Informática	ES de Enxeñaría Informática	Ourense
Enxeñaría Técnica Agrícola	Facultade de Ciencias	Ourense
Enxeñaría Técnica Forestal	EU de Enxeñaría Técnica Forestal	Pontevedra

Xurídico-Social

Titulación	Centro	Campus
Licenciatura en Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Vigo
Diplomatura en Turismo	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Ourense
Diplomatura en Ciencias Empresariais	EU de Estudos Empresariais Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Vigo Ourense
Licenciatura en Dereito, rama Económico-Empresarial	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Vigo
Licenciatura en Dereito	Facultade de Dereito	Ourense
Diplomatura en Relacións Laborais	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Vigo
Diplomatura en Maxisterio, Educación Infantil	EU de Formación de Profesorado "Maria sedes sapientae"	Vigo
Diplomatura en Maxisterio, Educación Primaria	EU de Formación de Profesorado "Maria sedes sapientae"	Vigo
Diplomatura en Maxisterio, Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Diplomatura en Maxisterio, Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Diplomatura en Maxisterio, Educación Especial	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Diplomatura en Maxisterio, Lingua Estranxeira	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Diplomatura en Educación Social	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Diplomatura en Traballo Social	Facultade de Ciencias da Educación	Ourense
Diplomatura en Maxisterio, Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Diplomatura en Maxisterio, Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Diplomatura en Maxisterio, Educación Física	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Diplomatura en Maxisterio, Educación Musical	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Pontevedra
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra
Grao en Galego e Español	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra
Grao en Consultoría e Xestión da Información	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra

3. EVOLUCIÓN DA OFERTA ACADÉMICA

3.1 Evolución das Titulacións oficiais (1990-2015)

3.1.1 Evolución da oferta académica de titulacións oficiais¹¹ e títulos propios¹²

A seguir é estudada, por períodos de quinquenais, a evolución da oferta académica da Universidade de Vigo entre os cursos 1989/90 e 2014/15. O Anexo 1 mostra a evolución destas titulacións por cursos académicos.

Período 1989/90 – 1994/95

Neste período a oferta inicial existente, derivada da segregación da Universidade de Santiago de Compostela, comprendía dúas licenciaturas completas (Ciencias Económicas e Ciencias Empresariais), dúas enxeñarías superiores (Enxeñaría Industrial e Enxeñaría de Telecomunicación), catro diplomaturas (Profesorado de EXB, Enfermaría, Ciencias Empresariais e Graduado Social), unha Enxeñaría Técnica Industrial, ben como o primeiro curso dunha licenciatura (Farmacia) e os primeiros ciclos de sete licenciaturas (filoloxías Románica, Xermánica e Hispánica, Bioloxía, Química, Pedagogía e Psicología).

Unha análise pormenorizada por cursos académicos permite observar o seguinte:

No curso 1991/92 ten lugar a primeira remesa de persoas que completan o primeiro ciclo da Licenciatura en Xeografía e Historia (Sección Historia).

No curso 1992/1993 prodúcese a primeira promoción de persoas tituladas na Licenciatura de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. Neste curso extínguense a emisión de títulos para as persoas que completaron o primeiro curso de Farmacia e o primeiro ciclo de Filoloxía Románica.

A primeira promoción de persoas tituladas en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión prodúcese no curso 1993/94.

No curso académico de 1994/95 pola primeira vez completan os seus estudos persoas tituladas en Relacións Laborais, Belas Artes e Dereito. Neste curso ten lugar a última promoción que completou o primeiro ciclo da Licenciatura de Pedagogía.

11) Referido aos títulos de diplomatura, licenciatura, enxeñaría superior, enxeñaría técnica, grao e curso ponte de acceso ao grao.

12) Referido aos títulos de graduado universitario, graduado superior e titulado superior.

Período 1995/96 - 1999/2000

Neste quinquenio son implementadas 26 novas titulacións na Universidade de Vigo, proceso que a seguir é examinado pormenorizadamente.

No curso 1995/96 completan os seus estudos a primeira promoción de persoas tituladas en Enxeñaría Técnica Forestal (Campus de Pontevedra), licenciaturas en Ciencias do Mar, Filoloxía Inglesa e en Tradución e Interpretación (Campus de Vigo) e Licenciatura en Psicopedagogía (Campus de Ourense). Neste curso académico incorpóranse ao mercado de traballo persoas dos tres Campus diplomadas en Mestre/a coas especialidades de Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira. Esta designación substitúe á titulación de Diplomatura de Profesorado de EXB. Igualmente, no Campus de Vigo, ten lugar a primeira promoción de titulados na Licenciatura en Ciencias Químicas. Por outra parte, extínguese a posibilidade de completar os primeiros ciclos das licenciaturas en Filoloxía Xermánica e Psicoloxía, feito relacionado coa completa implantación das licenciaturas de Filoloxía Inglesa e Psicopedagogía¹³.

No curso 1996/97 prodúcese, no Campus de Ourense, a incorporación ao mercado de traballo das primeiras promocións das diplomaturas de Educación Social e Traballo Social, de Enxeñaría Técnica Agrícola (especialidade en Industrias Agrarias e Alimentares) e a Licenciatura en Historia. Neste curso completa os seus estudos a última promoción da Diplomatura en Graduado Social.

No curso 1997/98 completan os seus estudos as primeiras promocións da Diplomatura de Fisioterapia e da Licenciatura de Publicidade e Relacións Públicas (Campus de Pontevedra), ben como Enxeñaría de Minas (Campus de Vigo).

No curso 1998/99 licéncianse pola primeira vez as persoas tituladas en Administración e Dirección de Empresas (Campus de Ourense e Vigo), Economía (Campus de Vigo), así como en Dereito (Rama Económico-Empresarial), titulación ofertada no Campus de Vigo, e en Dereito (Rama Xeral), impartida no Campus de Ourense. Neste curso prodúcese a extinción da Diplomatura de Profesorado de EXB nos tres Campus.

No curso 1999/2000 prodúcese a primeira promoción de licenciados/as en Filoloxía Galega (Campus de Vigo) e Física (Campus de Ourense) e a última que completa o primeiro ciclo en Xeografía e Historia (Sección Historia).

¹³) A implementación completa dos estudos da Licenciatura de Psicopedagogía na Universidade de Vigo está tamén relacionada coa extinción da realización do primeiro ciclo da Licenciatura de Psicoloxía no Campus de Ourense.

Período 2000/01-2004/05

Neste período incorpóranse 9 titulacións á oferta académica da Universidade de Vigo.

A primeira promoción de persoas tituladas en Enxeñaría en Informática (Campus de Ourense) prodúcese no curso 2000/01 .

No curso 2001/02 incorpóranse ao mercado de traballo os diplomados/as en Xestión e Administración Pública (Campus de Pontevedra). Igualmente, neste curso ten lugar a última promoción de persoas tituladas na Licenciatura de Dereito, consecuencia do seu desdoblamento en Dereito (Rama Xeral) no Campus de Ourense e en Dereito (Rama Económico-Empresarial) no Campus de Vigo.

No curso de 2002/03, no Campus de Vigo, coincidindo coa implantación do novo plano de estudos, teñen lugar as primeiras promocións de Enxeñaría Técnica Industrial nas especialidades de Electricidade e Química Industrial. Alén diso, completan os seus estudos as últimas promocións da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais, tanto na Sección de Económicas como na de Empresariais

No curso 2002/03 en Pontevedra ten lugar a primeira promoción de persoas tituladas na Licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

As primeiras promocións nas especialidades de Electrónica Industrial e Mecánica de Enxeñaría Técnica Industrial (Campus de Vigo) prodúcense no curso 2003/04.

Finalmente, as primeiras promocións de persoas tituladas na Licenciatura de Comunicación Audiovisual (Campus de Pontevedra) e do Graduado Universitario Sénior (título propio) prodúcense no curso 2004/05.

Período 2005/06-2009/10

Neste quinquenio incorpóranse 22 novas titulacións á oferta académica da Universidade de Vigo, proceso que se desenvolve consoante a evolución anual que a seguir se describe.

No curso 2005/06 completan os seus estudos as primeiras promocións da Diplomatura en Turismo (Campus de Ourense), de Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (especialidades en Sistemas de Telecomunicación e Son e Imaxe) e da Licenciatura de Tradución e Interpretación (especialidades Español-Francés, Español-Inglés, Galego-Francés e Galego-Inglés). Neste ano tamén se incorporan as primeiras promocións nos títulos propios de Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental (Campus de Ourense), Graduado Superior en Deseño Téxtil e Moda (Campus de Pontevedra) e, nos tres campus, de Graduado Superior Sénior. Por outro lado, completa os seus estudos a última promoción de persoas tituladas en Enxeñaría Técnica

Industrial logo da súa especialización establecida coa implantación do Plano de Estudos do ano 2000.

No curso 2006/07 a titulación oficial de Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial produce, no Campus de Vigo, a primeira promoción de persoas tituladas. Nese mesmo Campus é implantado o título propio de Graduado Universitario en Ciencias Policiais e no de Ourense o Graduado Superior en Información Técnica do Medicamento.

Durante o curso 2007/08 implántase completamente, coa primeira promoción de persoas tituladas, a titulación de Enxeñaría de Organización Industrial e o título propio de Graduado Universitario en Detective Privado.

Co desenvolvemento gradual da implementación do Espazo Europeo de Estudos Superiores (EEES), no curso 2008/09 prodúcese a primeira promoción de persoas tituladas no Grao de Belas Artes e, no curso 2009/10, a dos Graos en Dirección e Xestión Pública, Fisioterapia e Turismo con cada un o seu curso ponte de tránsito entre a Diplomatura e o Grao. O curso ponte para o Grao en Turismo non se implantará até o curso 2011/12, contemplando os itinerarios en Dirección e Xestión de Empresas Turísticas, en Planeamento e Xestión de Proxectos de Aproveitamento de Recursos Turísticos e Doutras Universidades. Neste curso implántase en Ourense o título propio de Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento.

No curso 2009/10 titúlase no Campus de Vigo a última promoción na Licenciatura en Tradución e Interpretación e no de Ourense o Graduado Superior en Información Técnica do Medicamento.

Período 2010/11-2014/15

Neste quinquenio prodúcese a completa implantación do proceso de adaptación da oferta académica da Universidade de Vigo ao EEES, coa incorporación de 70 novas titulacións á oferta académica de títulos oficiais, seguindo a secuencia que a seguir se pormenoriza.

No curso 2010/11 implántanse totalmente nos Campus de Vigo e Ourense os graos en Administración e Dirección de Empresas (co correspondente curso ponte) e en Economía (Campus de Vigo), así como o Curso Ponte do Grao en Enfermaría (nos tres Campus). Por outro lado, no Campus de Vigo, completa os seus estudos a última promoción de persoas tituladas na Licenciatura en Ciencias Químicas, ben como nos títulos propios de graduado universitario en Ciencias Policiais e, no de Ourense, o de Información Técnica do Medicamento.

No curso 2011/12 ten lugar a implantación do Grao en Enfermaría, e os cursos-ponte do Grao en Enxeñaría Informática (Campus de Ourense) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Campus de Vigo).

No curso 2012/13 prodúcese a primeira promoción de persoas tituladas nos graos en Bioloxía, Química, Ciencias do Mar, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Tradución e Interpretación (Español-Francés), Tradución e Interpretación (Español-Inglés) e Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) no Campus de Vigo. No Campus de Ourense implántanse os graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría Informática, Traballo Social, Xeografía de Historia e Ciencias Ambientais. No Campus de Pontevedra implántanse os graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Comunicación Audiovisual, Estudos de Galego e Español e en Publicidade e Relacións Públicas. Tamén se implanta o grao en Dereito (Campus de Vigo e Ourense), Educación Social (Campus de Ourense), Linguas Estranxeiras (Campus de Vigo) e, nos tres Campus, os graos en Educación Infantil, Educación Primaria. Igualmente, son implantados os cursos-ponte dos graos en Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Química Industrial e Enxeñaría Mecánica (Campus de Vigo), ben como Enxeñaría Forestal (coas orientacións en Explotacións Forestais, en Industrias da Madeira e en Xestión do Medio Ambiente) no Campus de Pontevedra. Finalmente, neste curso incorpóranse ao mercado de traballo as últimas promocións de persoas tituladas en Filoloxía Hispánica, Fisioterapia, Tradución e Interpretación (Galego-Francés) e o Curso Ponte do Grao de Turismo (itinerario en Xestión e Dirección de Empresas Turísticas).

No curso académico 2013/14 prodúcese a implantación no Campus de Vigo, coas primeiras promocións de persoas tituladas, dos graos en Comercio, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría de Tecnoloxías de Comunicación, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Mecánica e Tradución e Interpretación (Galego-Francés). No Campus de Ourense implántanse os graos en Consultoría e Xestión da Información e en Enxeñaría Agraria, mentres que no de Pontevedra ten a implementación de Enxeñaría Forestal.

Neste curso son implantados nos tres campus os cursos-ponte do Grao en Educación Infantil (a partir da titulación de Mestre/a coas especialidades en Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira), Educación Primaria (itinerario Mestre/a coa especialidade en Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Primaria e Lingua Estranxeira), os de Educación Social e Traballo Social (Campus de Ourense), ben como, no Campus de Vigo, o de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (a partir da Enxeñaría Técnica de Telecomunicación coas especialidades en Sistemas de Telecomunicación, Sistemas Electrónicos e Son e Imaxe).

De resto, durante este curso completan os seus estudos as últimas promocións de persoas tituladas nas seis especialidades da Diplomatura en Maxisterio, Relacións Laborais, Educación Social, Traballo Social, Xestión e Administración Pública, Turismo, Tradución e Interpretación (Español-Inglés), o curso ponte do Grao en Turismo (itinerario en Planeamento e Xestión de Proxectos de Aproveitamento de Recursos Turísticos), ben como no Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental e Graduado Universitario en Detective Privado.

No curso 2014/15 son implantados os cursos-ponte do Grao en Educación Infantil (a partir da titulación de Mestre/a especialista en Educación Especial), Educación Primaria (a partir de Mestre/a especialidade en Educación Musical), así como o Titulado Superior en Deseño Téxtil e Moda.

3.1.2 Ciclo de vida das titulacións oficiais da Universidade de Vigo (1989/90-2014/15)

A seguir é descrito o ciclo de vida das titulacións, con indicación tanto do curso académico da primeira promoción completada (no cadro, 1ª promoción) como da última, referindo que, en determinados casos, algunhas titulacións aínda están en período de extinción, isto é, aínda que non se imparte totalmente a docencia, no entanto, pódese obter administrativamente o título acreditativo dos referidos estudos.

Diplomaturas

	1ª promoción	Última promoción
Ciencias Empresariais	1989/90	En extinción
Enfermería	1989/90	En extinción
Graduado Social	1989/90	1996/97
Profesorado de Educación Xeral Básica	1989/90	1998/99
Relacións Laborais	1994/95	2013/14
Mestre/a, especialidade de Educación Especial	1995/96	2013/14
Mestre/a, especialidade de Educación Física	1995/96	2013/14
Mestre/a, especialidade de Educación Infantil	1995/96	2013/14
Mestre/a, especialidade de Educación Musical	1995/96	2013/14
Mestre/a, especialidade de Educación Primaria	1995/96	2013/14
Mestre/a, especialidade de Lingua Estranxeira	1995/96	2013/14
Educación Social	1996/97	2013/14
Traballo Social	1996/97	2013/14
Fisioterapia	1997/98	2012/13
Xestión e Administración Pública	2001/02	2013/14
Turismo	2005/06	2013/14

Licenciaturas

	1ª promoción	Última promoción
Bioloxía	1989/90	En extinción
Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas)	1989/90	2002/03
Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais)	1989/90	2002/03
Farmacía (1º curso)	1989/90	1992/93
Filoloxía Hispánica	1989/90	2012/13
Filoloxía Románica (1º ciclo)	1989/90	1992/93
Filoloxía Xermánica (1º ciclo)	1989/90	1995/96
Pedagoxía (1º ciclo)	1989/90	1994/95
Psicoloxía (1º ciclo)	1989/90	1995/96
Química	1989/90	En extinción
Xeografía e Historia (Sección Historia)	1991/92	1999/00
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	1992/93	En extinción
Belas Artes	1994/95	En extinción
Dereito	1994/95	2001/02
Ciencias do Mar	1995/96	En extinción
Ciencias Químicas	1995/96	2010/11
Filoloxía Inglesa	1995/96	En extinción
Psicopedagoxía	1995/96	En extinción
Tradución e Interpretación	1995/96	2009/10
Historia	1996/97	En extinción
Publicidade e Relacións Públicas	1997/98	En extinción
Administración e Dirección de Empresas	1998/99	En extinción
Dereito (Rama Económico-Empresarial)	1998/99	En extinción
Dereito (Rama Xeral)	1998/99	En extinción
Economía	1998/99	En extinción
Filoloxía Galega	1999/00	En extinción
Física	1999/00	En extinción
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	2002/03	En extinción
Comunicación Audiovisual	2004/05	En extinción
Tradución e Interpretación (Español-Francés)	2005/06	En extinción
Tradución e Interpretación (Español-Ingles)	2005/06	2013/14
Tradución e Interpretación (Galego-Francés)	2005/06	2012/13
Tradución e Interpretación (Galego-Ingles)	2005/06	En extinción

Enxeñarías Técnicas

	1ª promoción	Última promoción
Industrial	1989/90	2005/06
Informática de Xestión	1993/94	En extinción
Forestal, especialidade en Industrias Forestais	1995/96	En extinción
Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	1996/97	En extinción
Industrial, especialidade en Electricidade	2002/03	En extinción
Industrial, especialidade en Química Industrial	2002/03	En extinción
Industrial, especialidade en Electrónica Industrial	2003/04	En extinción
Industrial, especialidade en Mecánica	2003/04	En extinción
Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación	2005/06	En extinción
Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe	2005/06	En extinción

Enxeñarías Superiores

	1ª promoción	Última promoción
Industrial	1989/90	En extinción
Telecomunicación	1989/90	En extinción
Minas	1997/98	En extinción
Informática	2000/01	En extinción
Automática e Electrónica Industrial	2006/07	En extinción
Organización Industrial	2007/08	En extinción

Títulos propios

	1ª promoción	Última promoción
Graduado Universitario Sénior	2004/05	
Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	2005/06	2013/14
Graduado Superior Sénior	2005/06	
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	2005/06	2014/15
Graduado Superior en Información Técnica do Medicamento	2006/07	2009/10
Graduado Universitario en Ciencias Policiais	2006/07	2010/11
Graduado Universitario en Detective Privado	2007/08	2013/14
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	2009/10	2010/11
Titolado Superior en Deseño Téxtil e Moda	2014/15	

3.1.3 Cadro resumo da evolución do número de titulacións oficiais e títulos propios

O seguinte cadro mostra, por cursos académicos, o número de titulacións oficiais que se foron implantando desde 1989/90, ben como o das que se foron extinguindo ou están en fase de extinción. En consecuencia, no curso 2014/15 existía académicamente un total de 112 titulacións, como resultado das 151 que se tiñan iniciado menos as 39 que se extinguiron totalmente no período avaliado.

Curso académico	1ª promoción	Última promoción	Balanzo
1989/1990	17	0	17
1990/1991	0	0	0
1991/1992	1	0	1
1992/1993	2	2	0
1993/1994	1	0	1
1994/1995	3	2	1
1995/1996	13	2	11
1996/1997	4	1	3
1997/1998	3	0	3
1998/1999	4	1	3
1999/2000	2	1	1
2000/2001	1	0	1
2001/2002	1	1	0
2002/2003	3	2	1
2003/2004	2	0	2
2004/2005	2	0	2
2005/2006	10	1	9
2006/2007	3	0	3
2007/2008	2	0	2
2008/2009	1	0	1
2009/2010	6	2	4
2010/2011	4	3	1
2011/2012	6	0	6
2012/2013	27	4	23
2013/2014	30	16	14
2014/2015	3	1	2
TOTAL	151	39	112

3.2 Mestrados Universitarios (2006-2015)

3.2.1 Evolución da oferta académica de mestrados universitarios

Pola súa peculiaridade, dado o desenvolvemento espectacular que tivo esta tipoloxía de estudos universitarios, considerouse acaído realizar unha análise específica semellante á operada no apartado anterior. Máis concretamente, son estudados os quinquenios 2005/06-2009/10 e 2010/11-2014/15, período que abranxe desde o curso en que se implementou completamente a primeira promoción e a posterior expansión desta tipoloxía de titulacións.

Período 2005/06-2009/10

No curso 2005/06 completa os seus estudos a primeira promoción de persoas tituladas no Mestrado Universitario de Física aplicada, o primeiro mestrado implementado na Universidade de Vigo.

No curso académico 2006/07 prodúcese a implementación, coa primeira promoción de titulados/as, en 6 mestrados: Dereito urbanístico e do ambiente; Dirección e planeamento do turismo; Enerxía e sustentabilidade; Enxeñaría matemática; Fotónica e tecnoloxías do láser e en Prevención de riscos laborais.

No curso 2007/08 son 13 os mestrados que completan a súa implementación: Ciencia e tecnoloxía agroalimentar; Comercio internacional; Consultoría de software libre; Enxeñaría da edificación e construcións industriais; Estudos de xénero; Intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos; Neurociencia; Políticas comunitarias e cooperación territorial; Química avanzada; Química teórica e modelización computacional; Tecnoloxías e procesos na industria do automóbil; Xestión do desenvolvemento sustentábel e en Xestión e dirección laboral.

No curso académico 2008/09 o número de mestrados que completan a súa primeira promoción de persoas tituladas ascende a 10: Acuicultura; Aplicacións de procesado do sinal en comunicacións; Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases; Dirección e xestión da loxística e a cadea de subministración; Dirección integrada de proxectos; Economía; Enxeñaría da soldadura; Nutrición; Política lingüística e planificación da lingua galega e en Tradución e paratradución.

Durante o curso académico 2009/10 un total de 30 mestrados completan a súa implementación co egreso da súa primeira promoción de persoas tituladas: Administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e ambiente; Artes escénicas; Biodiversidade e ecosistemas; Ciencias do clima: meteoroloxía, oceanografía física e cambio climático; Contaminación industrial: Avaliación, prevención e control; Creación, dirección e innovación na empresa; Dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos; Ecosistemas terrestres, uso

sustentábel e implicacións ambientais; Edición; Enxeñaría química; Enxeñaría telemática; Enxeñaría térmica; Estudos ingleses avanzados, interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas; Historia, territorio e recursos patrimoniais; Innovación industrial e optimización de procesos; Investigación en actividade física, deporte e saúde; Investigación en comunicación; Investigación en contabilidade e finanzas; Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria; Investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares; Lingüística e as súas aplicacións; Menores en situación de desprotección e conflito social; Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida; Ordenación xurídica do mercado; Profesorado en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas; Radiocomunicación e enxeñaría electromagnética; Sistemas software intelixentes e adaptábeis; Técnicas estatísticas; Tecnoloxía ambiental e en Teoría do sinal e comunicacións.

Período 2010/11-2014/15

No curso 2010/11 son 13 os mestrados que completan a súa implementación coa incorporación da primeira promoción de persoas tituladas: Arte contemporánea. Creación e investigación; Creación, desenvolvemento e comercialización de contidos audiovisuais; Dirección de arte en publicidade; Economía, avaliación e xestión do medio mariño e os recursos pesqueiros; Finanzas; Información técnica do medicamento; Libro ilustrado e animación audiovisual; Lingüística galega; Necesidades específicas de apoio educativo; Oceanografía; Tecnoloxías avanzadas de procesos de deseño e fabricación mecánica; Tecnoloxías para a protección do patrimonio cultural inmóbel e en Tradución multimedia.

No entanto, durante este curso deixou de impartirse o mestrado universitario en Política lingüística e planificación da lingua galega.

Durante o curso 2011/12 un total de 9 mestrados completan a súa implementación: Biotecnoloxía avanzada; Ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca; Ciencia e tecnoloxía en termalismo e balneoterapia; Dirección de PEMES; Dirección e administración de empresas (MBA); Dirección e planificación do turismo Interior e de saúde; Integración económica rexional e políticas comunitarias; Metodoloxía e aplicacións en bioloxía molecular e en Xestión empresarial do deporte.

Polo contrario, neste curso extinguíronse un total de 6 mestrados: Consultoría de software libre; Edición; Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida; Creación, desenvolvemento e comercialización de contidos audiovisuais; Avaliación e xestión do medio mariño e os recursos pesqueiros e en Lingüística galega.

No curso académico 2012/13 ten lugar a primeira promoción de persoas tituladas en catro mestrados: Bioloxía mariña; Dirección pública e liderado institucional; Lingua e comunicación nos negocios e en Mecatrónica.

Así mesmo, durante este curso deixaron de impartirse 11 mestrados: Dereito urbanístico e do ambiente; Estudos de xénero; Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases; Enxeñaría de soldadura; Tradución e paratradución; Biodiversidade e ecosistemas; Investigación en comunicación; Ordenación xurídica do mercado; Radiocomunicación e enxeñaría electromagnética; Integración económica rexional e políticas comunitarias e en Metodoloxía e aplicacións en bioloxía molecular.

No curso 2013/14 un total de 11 mestrados completan a súa implementación co egreso da súa primeira promoción: Avogacía; Dereito de empresa; Economía, mercados financeiros e empresa; Enxeñaría da automoción; Enxeñaría da construción; Enxeñaría informática; Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións; Lingüística aplicada; Procesos de deseño e fabricación mecánica; Teatro e artes escénicas e en Tradución para a comunicación internacional.

Porén, un total de 12 mestrados deixaron de impartirse: Física aplicada; Dirección e planificación do turismo; Enxeñaría da edificación e construcións industriais; Química avanzada; Tecnoloxías e procesos na industria do automóbil; Administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e ambiente; Ciencias do clima: meteoroloxía, oceanografía física e cambio climático; Ecosistemas terrestres, uso sustentábel e implicacións ambientais; Investigación en contabilidade e finanzas; Tecnoloxías avanzadas de procesos de deseño e fabricación mecánica; Tecnoloxías para a protección do patrimonio cultural inmóbel e en Ciencia e tecnoloxía en termalismo e balneoterapia.

Finalmente, durante o curso 2014/15 son cinco os mestrados que culminan a súa implementación: Administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa; Ciencia e tecnoloxía agroalimentar e ambiental; Investigación química e química industrial; Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural e en Matemática industrial.

Pola contra, durante este curso extinguíronse 19: Aplicacións de procesado do sinal en comunicacións; Artes escénicas; Ciencia e tecnoloxía agroalimentar; Dirección e xestión da loxística e da cadea de subministración; Economía; Enxeñaría matemática; Enxeñaría química; Enxeñaría telemática; Estudos ingleses avanzados, interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas; Historia, territorio e recursos patrimoniais; Lingua e comunicación nos negocios; Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria; Investigación psicossocioeducativa con adolescentes en contextos escolares; Lingüística e as súas aplicacións; Sistemas software intelixentes e adaptábeis; Tecnoloxía ambiental; Teoría do sinal e comunicacións; Información técnica do medicamento e en Economía, mercados financeiros e empresa.

3.2.2 Ciclo de vida dos mestrados

Seguindo o mesmo esquema operado previamente no apartado sobre as titulacións oficiais, a seguir son pormenorizados os mestrados, indicando tanto o seu título como a data da primeira promoción que o obtivo, referindo se dita titulación deixou de ser impartida.

Título	1ª promoción	Última promoción
Física Aplicada	2005/06	2013/14
Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	2006/07	2012/13
Dirección e Planificación do Turismo	2006/07	2013/14
Enerxía e Sustentabilidade	2006/07	
Enxeñaría Matemática	2006/07	2014/15
Fotónica e Tecnoloxías do Láser	2006/07	
Prevenção de Riscos Laborais	2006/07	
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	2007/08	2014/15
Comercio Internacional	2007/08	
Consultadoría de Software Libre	2007/08	2011/12
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais	2007/08	2013/14
Estudos de Xénero	2007/08	2012/13
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	2007/08	
Neurociencia	2007/08	
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	2007/08	
Química Avanzada	2007/08	2013/14
Química Teórica e Modelización Computacional	2007/08	
Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil	2007/08	2013/14
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	2007/08	
Xestión e Dirección Laboral	2007/08	
Acuicultura	2008/09	
Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións	2008/09	2014/15
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases	2008/09	2012/13
Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración	2008/09	2014/15
Dirección Integrada de Proxectos	2008/09	
Economía	2008/09	2014/15
Enxeñaría de Soldadura	2008/09	2012/13
Nutrición	2008/09	
Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega	2008/09	2010/11
Tradución e Paratradución	2008/09	2012/13
Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente	2009/10	2013/14
Artes Escénicas	2009/10	2014/15
Biodiversidade e Ecosistemas	2009/10	2012/13
Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático	2009/10	2013/14
Contaminación Industrial: Avaliación, Prevenção e Control	2009/10	
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	2009/10	
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	2009/10	

Título	1ª promoción	Última promoción
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais	2009/10	2013/14
Edición	2009/10	2011/12
Enxeñaría Química	2009/10	2014/15
Enxeñaría Telemática	2009/10	2014/15
Enxeñaría Térmica	2009/10	
Estudos Ingleses Avanzados, Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas	2009/10	2014/15
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	2009/10	2014/15
Innovación Industrial e Optimización de Procesos	2009/10	
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	2009/10	
Investigación en Comunicación	2009/10	2012/13
Investigación en Contabilidade e Finanzas	2009/10	2013/14
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	2009/10	2014/15
Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares	2009/10	2014/15
Lingüística e as súas Aplicacións	2009/10	2014/15
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	2009/10	
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	2009/10	2011/12
Ordenación Xurídica do Mercado	2009/10	2012/13
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	2009/10	
Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética	2009/10	2012/13
Sistemas Software Intelixentes e Adaptábeis	2009/10	2014/15
Técnicas Estatísticas	2009/10	
Tecnoloxía Medioambiental	2009/10	2014/15
Teoría do Sinal e Comunicacións	2009/10	2014/15
Arte Contemporánea. Creación e Investigación	2010/11	
Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais	2010/11	2011/12
Dirección de Arte en Publicidade	2010/11	
Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros	2010/11	2011/12
Finanzas	2010/11	
Información Técnica do Medicamento	2010/11	2014/15
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	2010/11	
Lingüística Galega	2010/11	2011/12
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	2010/11	
Oceanografía	2010/11	

Título	1ª promoción	Última promoción
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	2010/11	2013/14
Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmoble	2010/11	2013/14
Tradución Multimedia	2010/11	
Biotecnoloxía Avanzada	2011/12	
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	2011/12	
Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia	2011/12	2013/14
Dirección de PEMES	2011/12	
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	2011/12	
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	2011/12	
Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias	2011/12	2012/13
Metodoloxía e Aplicacións en Bioloxía Molecular	2011/12	2012/13
Xestión Empresarial do Deporte	2011/12	
Bioloxía Mariña	2012/13	
Dirección Pública e Liderado Institucional	2012/13	
Lingua e Comunicación nos Negocios	2012/13	2014/15
Mecatrónica	2012/13	
Avogacía	2013/14	
Dereito de Empresa	2013/14	
Economía, Mercados Financeiros e Empresa	2013/14	2014/15
Enxeñaría da Automoción	2013/14	
Enxeñaría da Construción	2013/14	
Enxeñaría Informática	2013/14	
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	2013/14	
Lingüística Aplicada	2013/14	
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	2013/14	
Teatro e Artes Escénicas	2013/14	
Tradución para a Comunicación Internacional	2013/14	
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	2014/15	
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	2014/15	
Investigación Química e Química Industrial	2014/15	
Matemática Industrial	2014/15	
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	2014/15	

3.2.3 Continuidade de mestrados extinguidos

O seguinte cadro mostra os principais casos daqueles mestrados que, xa extinguidos, proseguen en activo baixo outra denominación.

Anterior designación	Vixencia	Designación actual
Enxeñaría Matemática	2006/07-2014/15	Matemática Industrial
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	2009/10-2014/15	Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	2007/08-2014/15	Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental
Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente	2009/10-2013/14	Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa
Artes escénicas	2009/10-2014/15	Teatro e artes escénicas
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	2010/11-2013/14	Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica
Lingüística e as súas Aplicacións	2009/10-2014/15	Lingüística Aplicada
Estudos Ingleses Avanzados, Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas	2009/10-2014/15	Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais	2007/08-2013/14	Enxeñaría da Construción
Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil	2007/08-2013/14	Enxeñaría da Automoción
Dirección e Planificación do Turismo	2006/07-2013/14	Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde

3.2.4 Cadro resumo da evolución do número de mestrados

Este cadro mostra, por cursos académicos, tanto o número de mestrados que se foron implementando desde o curso 2005/06, ben como o dos que se foron extinguindo, de tal forma que, no curso 2014/15 se impartían un total de 53 como resultado de 102 que se iniciaran e dos 49 que se foron extinguindo no período avaliado.

Curso académico	1ª promoción	Última promoción	Balanzo
2005/06	1	0	+1
2006/07	6	0	+6
2007/08	13	0	+13
2008/09	10	0	+10
2009/10	30	0	+30
2010/11	13	1	+12
2011/12	9	6	+3
2012/13	4	11	-7
2013/14	11	12	-1
2014/15	5	19	-14
TOTAL	102	49	53

4. TÍTULOS EMITIDOS (1990-2015)

Durante o período avaliado a Universidade de Vigo emitiu un total de 82.330 títulos a 71.487 persoas. O feito de que o número de títulos emitidos supere ao de persoas tituladas é debido a que algunhas completaron máis dunha titulación durante o seu paso por esta Universidade.

O estudo destes aspectos está estruturado en dúas partes: por un lado, realízase unha avaliación diacrónica do número de títulos emitidos e, por outro, no apartado 5 abórdase a das persoas tituladas.

4.1 Número total


Durante o período avaliado a Universidade de Vigo emitiu un total de 82.330 títulos, a súa maioría a mulleres (61,3%) contra o 38,7% de homes.

A seguir é examinada a evolución quinquenal e anual dos títulos emitidos. Para cada caso, o Anexo 2 mostra o cadro de datos incluíndo tanto a frecuencia como a taxa de evolución.

4.1.1 Evolución quinquenal

Confrontados por períodos de cinco anos, o número de títulos emitidos pola Universidade de Vigo non deixou de aumentar desde a súa creación, como mostra a Gráfica 1. Segundo o ritmo de crecemento, pódense establecer dous períodos diferenciados, un primeiro, comprendido entre 1989/90-2004/05, cun crecemento máis elevado (83,2% entre o segundo e o primeiro quinquenio e de 31,0% entre o terceiro e segundo). No segundo período, a partir de 2005/06, o ritmo de crecemento diminúe, situándose nun 4,0% entre o cuarto e terceiro quinquenio e do 5,3% entre o quinto e cuarto.

Gráfica 1: Evolución quinquenal del número de títulos emitidos




Como se pode observar, o número de títulos emitidos pola Universidade de Vigo aumentou en todos os quinquenios avaliados, pasando dunha media anual de 1325 títulos emitidos entre 1989/90-1994/95, 2912 entre 1995/96-1999/2000, 3816 entre 2000/01-2004/05, 3969 entre 2005/06-2009/10 e 4179 entre 2010/11-2014/15.

4.1.2 Evolución anual

Por cursos académicos, o número de títulos emitidos experimenta un crecemento global continuado, destacando o 77,6% entre o curso 1989/90 e 1990/91, coincidindo coa fase inicial da creación da Universidade de Vigo. O primeiro decrecemento interanual no número de títulos (-3,8%) non terá lugar, tal como mostra a Gráfica 2, até o curso 2000/01. No cuarto quinquenio (período 2004/05-2009/10) prodúcese decrecementsos interanuais nos cursos 2005/06, 2006/07 e 2008/09 do 11,0%, 15,0% e 18,2%, respectivamente. Porén, os decrecementsos máis notábeis tiveron lugar nos primeiros cursos do último quinquenio avaliado (2010/11-2014/15) cunha taxa de decrecemento anual do 22,8% e 18,7% nos cursos 2010/11 e 2011/12, respectivamente.

O curso académico en que se produce un máximo absoluto de títulos emitidos (6030) tivo lugar en 2009/10, coincidindo coa completa implantación de até 30 mestrados universitarios, facendo que o crecemento interanual de títulos entre este curso e o anterior chegase a alcanzar o 94,7%.

Gráfica 2: Evolución anual do número de títulos emitidos



4.2 Títulos emitidos por ámbito académico

Durante os vinte e cinco anos avaliados a maioría de títulos académicos emitidos (52,6%) pola Universidade de Vigo corresponden á rama de coñecemento Xurídico-Social, seguida a máis distancia pola Tecnolóxica¹⁴ (22,8%). Con porcentaxes menores sitúanse a das Artes e Humanidades (8,2%), a das Ciencias da Saúde (7,2%) e a Científica (6,4%). O ámbito Multidisciplinar, cunha implantación posterior ligada fundamentalmente a determinados mestrados e títulos propios¹⁵, representa o 2,8% das titulacións completadas.

Nos seguintes apartados é examinada a evolución quinquenal e anual dos títulos emitidos por ámbito académico.

4.2.1 Evolución quinquenal

Como mostra a Gráfica 3, o ámbito Xurídico-Social é a rama de coñecemento á que pertence a maioría dos títulos emitidos pola Universidade de Vigo ao longo do período avaliado. Porén, obsérvase unha tendencia decrecente continuada, de maneira que a partir do cuarto quinquenio (2000/01-2004/05) deixou de representar a máis do 50% dos títulos emitidos.

Polo contrario, a proporción de títulos encadrados na rama Tecnolóxica experimentou un crecemento continuado, sendo máis acelerado nos tres primeiros quinquenios (pasando do 9,6% ao 24,4%) até estabilizarse no cuarto e quinto (27,0% e 28,3%, respectivamente).

Durante os primeiros vinte anos o ámbito das Artes e Humanidades mantén unha proporción constante que se sitúa entre o 7,5% e 7,8% dos títulos emitidos, experimentando un crecemento no último quinquenio avaliado (2010/11-2014/15) até situarse no 9,8%.

A rama das Ciencias da Saúde experimenta unha tendencia decrecente continuada no período avaliado. A perda de peso relativo na proporción de títulos é máis notábel entre os quinquenios 1º e 2º (ao pasar do 11,8% ao 8,0%), estabilízase no 6,7% nos quinquenios 3º e 4º até alcanzar un mínimo da serie (5,7%) no último quinquenio avaliado.

O ámbito Científico experimenta unha progresión crecente no número de títulos emitidos entre o primeiro e terceiro quinquenio (pasando do 3,4% a un máximo do 7,4%), iniciándose a partir de entón unha progresión decrecente até chegar ao 6,0% no quinquenio 2010/11-2014/15.


Desde a súa aparición no terceiro quinquenio, o ámbito Multidisciplinar mostra unha evolución crecente de maneira que no último quinquenio avaliado constitúe, co 7,8% de títulos emitidos,

14) Tamén designada como Rama de Enxeñaría e Arquitectura.

15) Mestrados en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas; Técnicas Estatísticas; Física Aplicada e en Innovación Industrial e Optimización de Procesos.

a cuarta rama académica en importancia, superando á Científica e á das Ciencias da Saúde. A evolución desta rama está fortemente ligada á experimentada polos mestrados e títulos propios.

Gráfica 3: Evolución quinquenal de los títulos emitidos por ámbito académico (%)



4.2.2 Evolución anual

O ámbito Xurídico-Social presenta unha tendencia decrecente en todo o período avaliado. Así sendo, despois de chegar a representar o 72,9% dos títulos emitidos no curso académico 1990/91 ou o 69,6% no curso 1994/95, a partir do curso 1997/98 (65,5%) experimenta unha fase decrecente continuada até 2003/04 (55,1%). No 2004/05, co 47,9%, deixa de ser o ámbito académico maioritario, situación que só recupera leve e puntualmente nos cursos 2005/06 (50,7%) e 2009/10 (50,3%). Desde 2011/12 esta rama representa entre o 41-42% dos títulos emitidos.

As titulacións da rama Tecnolóxica mostran interanualmente unha tendencia crecente. Este crecemento continuado (salvo nos cursos de 1994/95 e 2003/04 co 9,7% e 24,2%, respectivamente) prodúcese desde o primeiro curso avaliado (5,8%) até o de 2004/05 (máximo do 33,8% de títulos emitidos). A partir de entón prodúcese unha queda na porcentaxe de títulos emitidos (24% nos cursos 2005/06 e 2009/10) até retomar a tendencia crecente e alcanzar o 30,1% no 2013/14.

As titulacións da rama das Artes e Humanidades presentan globalmente unha tendencia crecente. Porén, ao longo do período avaliado a súa evolución está suxeita a fluctuacións, con mínimos nos cursos 2004/05 (5,0%), 1993/94 (5,7%) e 6,2% no curso 2008/09 contra os máximos de 12,7% no curso 1989/90, 11,2% no 2012/13 e 10,2% no 2006/07. Desde o curso 2013/14 está estabilizado por volta do 10%.


As titulacións pertencentes ao ámbito das Ciencias da Saúde presentan unha tendencia global decrecente. As máximas proporcións de títulos emitidos correspondentes a rama producíronse nos cursos 1991/92 (14,9%), 1993/94 (13,8%) e, máis recentemente, rexistráronse puntos máximos relativos nos cursos 2006/07 (8,2%, porcentaxe similar ao 8,1% do curso 1989/90) e 2010/11 (6,5%). Desde o curso 2012/13 en que produce o mínimo da serie histórica (4,9%) está a experimentar un crecemento progresivo até alcanzar o 6,0% no 2014/15.

As titulacións do ámbito Científico, aínda que presenten unha tendencia levemente crecente, están suxeitas a moitas fluctuacións no período avaliado. Así, rexístranse máximos de 9,0% no curso 2000/01, 8,6% no 1989/90 e 8,1% no 2005/06, chegando, por outro lado, a alcanzar mínimos de 1,9% no 1994/95, 3,0% no curso 1990/91 e 4,0% no 1992/93. No entanto, desde o curso 2011/12 (6,7%) a tendencia é decrecente até alcanzar un 5,5% no 2014/15.

Desde a súa emerxencia no curso 2004/05, o ámbito Multidisciplinar presenta unha tendencia global crecente. No entanto, a súa evolución non é constante, presentando máximos nos cursos 2011/12 (9,1%) e 2014/15 (7,9%). As menores porcentaxes na proporción de títulos emitidos nesta rama do coñecemento producíronse entre os cursos 2008/09 (1,3%) e 2009/10 (6,2%).

O Anexo 3 contén as gráficas que mostran a evolución interanual da proporción de títulos emitidos por ámbitos académicos. Por outro lado, o Anexo 4 mostra o cadro de datos da seguinte Gráfica 4 relativa á evolución anual dos títulos emitidos por ámbito académico.

Gráfica 4: Evolución anual dos títulos emitidos por ámbito académico (%)



4.3 Títulos emitidos por ciclo de estudos

A Diplomatura¹⁶ é a tipoloxía de titulación que representa a maior proporción de títulos (35,4%) emitidos pola Universidade de Vigo, seguida polas Licenciaturas¹⁷ (26,9%). A máis distancia áchanse as titulacións de Mestrado Universitario (10,4%), seguidas polas Enxeñarías Técnicas¹⁸ (9,8%), Enxeñarías Superiores (9,0%) e Graos¹⁹ (7,1%).

16) Titulación en extinción do ensino superior que se obtiña após realizar un programa de pregrado de tres anos de duración. Trátase dun grao académico curto (conformado por un só ciclo) especializado.

17) Título universitario obtido após realizar certos estudos entre 4 e 6 anos de duración. Até a implementación da Reforma Universitaria de Boloña era unha titulación de ciclo longo ou de dous ciclos, onde no segundo se escolliu entre distintas especializacións. A partir da licenciatura podíase acceder ao doutoramento (terceiro ciclo). Tamén existía a posibilidade de completar os estudos cun Diploma de Estudos Avanzados (DEA ou tesina).

18) Título universitario de 3 anos académicos de duración que coa Reforma Universitaria de Boloña se converteron en graos, deixando de concordar o título académico co da profesión (até entón a denominación de Enxeñaría Técnica Industrial sempre fora tanto un título académico universitario como un título profesional).

19) O termo título de grao é a titulación do ensino superior, vixente desde a implementación do Plano Boloña, que se consegue ao completar un estudo universitario de entre 3 e 4 anos, dependendo da universidade en que se imparte. Equivale ao bachelor's degree anglosaxón. Logo despois da obtención do título de grao poden ser cursados cursos de posgrao (principalmente mestrado e doutoramento). Os termos título de grao, título profesional ou simplemente título son referidos ao documento co que se fai constar a obtención do grao.

Con estes datos, pódese concluír que case metade dos títulos emitidos pola Universidade de Vigo desde a súa creación corresponden a estudos de ciclo curto (45,2%) contra os de ciclo longo (43,0%).

As porcentaxes de títulos propios (Graduado Universitario e Graduado Superior) ascenden ao 1,2% e 0,2%, respectivamente.

O seguinte cadro mostra as distribucións frecuencias e porcentuais referidas neste apartado:

Ciclo de estudos	Número	%
Diplomatura	29110	35,4
Enxeñaría Superior	7423	9,0
Enxeñaría Técnica	8099	9,8
Grao	5819	7,1
Graduado Superior	198	0,2
Graduado Universitario	973	1,2
Licenciatura	22124	26,9
Mestrado Universitario	8567	10,4

Nos seguintes apartados é examinada a evolución quinquenal e anual dos títulos emitidos en función do ciclo de estudos.

4.3.1 Evolución quinquenal

Os estudos de ciclo curto (diplomaturas e enxeñarías técnicas) constitúen a maioría dos títulos emitidos nos primeiros tres quinquenios (período 1989/90-2004/05). No quinquenio 2005/06-2009/10 esta tipoloxía de estudos representa o 44,0% dos títulos emitidos, superando levemente a proporción dos de ciclo longo (43,3%). Estes estudos presentan unha tendencia crecente nos tres primeiros quinquenios (período 1989/90-2004/05), altura en que descenden até o 20,5% do 2010/11-2014/15. As primeiras promocións de mestrados universitarios prodúcense no cuarto quinquenio (2005/06-2009/10) co 9,3% dos títulos emitidos, constituíndo a principal tipoloxía de estudos no quinquenio 2010/11-2014/15 (32,2%). Os títulos de grao, que representan no quinquenio 2011/15 o 27,1% dos títulos emitidos, comezan coas primeiras promocións do quinquenio anterior (0,8%). Os títulos propios, cuxas primeiras promocións aparecen no 2000/01-2004/05 (0,4%), representan o 2,7% dos títulos emitidos nos quinquenios 4º e 5º.


Unha análise máis pormenorizada dos títulos de ciclo curto permite concluír que a proporción das diplomaturas foi diminuindo progresivamente: maioritaria no período 1989/90-1994/95 (64,4%) e 1995/96-1999/2000 (54,5%), deixa de ser maioritaria nos quinquenios 2000/11-2004/05 (39,7%) e 2005/06-2009/10 (33,2%) até chegar ao 9,1% no 2010/11-2014/15. No que respecta

ás enxeñaría técnicas, o número de títulos emitidos foi aumentando progresivamente nos primeiros quince anos (4,3% no período 1989/90-1994/95, 6,5% entre 1995/96-1999/2000 e 15,3% entre 2000/01-2004/05), comezando a declinar entre 2005/06-2009/10 (10,8%) até alcanzar o 8,4% entre 2010/11-2014/15.

No tocante aos estudos de ciclo longo, cabe referir que as licenciaturas experimentaron unha evolución crecente desde o período 1989/95 (25,9%), 1996/2000 (31,2%) e 2001/05 (35,5%), momento a partir do cal experimenta unha tendencia decrecente: 30,6% entre 2006/10 e 12,8% entre 2011/15. Porén, a evolución dos títulos emitidos das enxeñaría superiores foi crecendo até chegar ao 4º quinquenio (5,3% entre 1989/95, 7,8% entre 1996/2000, 9,1% entre 2001/05 e 12,7% entre 2006/10), representando o 7,7% dos títulos emitidos entre 2011/15.

A Gráfica 5, que inclúe o cadro de datos agregados, mostra a evolución quinquenal do número de títulos emitidos en función do ciclo de estudos. No entanto, o Anexo 5 mostra o cadro de datos (estendido) desta evolución quinquenal, con indicación pormenorizada de todas as categorías de ciclo de estudos (diferenciando diplomaturas de enxeñaría técnicas no caso dos estudos de ciclo curto e licenciaturas de enxeñaría técnicas superiores no caso dos de ciclo longo, ben como as modalidades existentes de títulos propios).

Gráfica 5: Evolución quinquenal do número de títulos emitidos por ciclo de estudos



4.3.2 Evolución anual

Entre os cursos 1989/90 e 2003/04 os estudos de ciclo curto (diplomaturas e enxeñarías técnicas) e longo (licenciaturas e enxeñarías superiores) distribuíanse, en diferentes proporcións, a totalidade dos títulos emitidos pola Universidade de Vigo. Porén, no curso 2004/05 aparece pola primeira vez a modalidade de título propio, no 2005/06 os mestrados universitarios e, finalmente, no 2009/10 as primeiras promocións de persoas tituladas en graos.

Así sendo, entre os cursos académicos 1989/90 (56,8%) e 2004/05 (57,1%), portanto, a maioría dos títulos emitidos pola Universidade de Vigo foron de ciclo curto, con máximos do 73,5% no curso 1993/94 e de 70,8% no 1991/92. A partir do curso 2005/06 (42,2%) esta tipoloxía de títulos comeza a descender, recúo que se fai máis notábel no 2010/11 (32,9%) e 2011/12 (24,1%), altura en que son superados polos mestrados universitarios.

Como tipoloxía de estudo determinada a desaparecer en consecuencia da implementación dos graos, as licenciaturas presentan unha tendencia xeral decrecente. Os máximos da serie sitúanse nos cursos 2005/06 (54,1%, en que superou ás diplomaturas), 2006/07 (49,2%) e 2000/01 (47,0%). Coa maioría das titulacións en proceso de extinción, no curso 2014/15 tan só representa o 8,8% dos títulos emitidos.

A primeira promoción de persoas tituladas nun mestrado universitario ten lugar no curso 2005/06, representando o 0,1% dos títulos emitidos pola Universidade de Vigo. Logo a seguir esta tipoloxía de título experimenta un crecemento continuado até alcanzar un máximo de 35,4% no curso 2011/12, iniciando a partir de entón unha tendencia decrecente progresiva até representar o 29,5% dos títulos emitidos no 2014/15. Cualitativamente cabe referir que os mestrados universitarios convertéronse no curso 2010/11 (31,8%) na segunda tipoloxía máis importante polo número de títulos emitidos, pasando a ocupar a primeira posición nos ditos cursos 2011/12 (35,4%) e 2012/13 (32,2%).


Como tipoloxía de titulación destinada a substituír no curto prazo os antigos estudos de ciclos curto e longo, a proporción de títulos de grao experimenta unha tendencia crecente desde a súa aparición no curso 2009/10 até 2014/15. O punto máximo desta tendencia ascendente prodúcese entre os cursos 2011/12 e 2012/13, pasando do 7,5% ao 29,3% dos títulos. No curso 2014/15 as titulacións de grao xa representan a maioría (53,0%) dos títulos emitidos.

Transcorridos máis de dez anos da primeira promoción, os títulos propios da Universidade de Vigo constitúen unha tipoloxía que nunca alcanzou unha proporción significativa entre os títulos emitidos. Máis aínda, a súa evolución é moi irregular, con máximos do 3,7% no curso 2007/08 e de 3,4% no 2010/11 e mínimo do 0,5% no 2008/09. A teor da implementación dos mestrados universitarios, desde o curso 2010/11 os títulos presentan unha tendencia descendente, co 1,9% dos títulos emitidos no 2014/15.

A Gráfica 6 mostra a evolución anual do número de títulos emitidos por ciclo de estudos descrita neste apartado. No Anexo 6 pódese consultar a evolución interanual dos títulos emitidos por ámbitos académicos con indicación da liña de tendencia.

O Anexo 7 mostra o cadro de datos (estendido) desta evolución interanual, con indicación pormenorizada de todas as categorías de ciclo de estudos (diferenciando as diplomaturas das enxeñaría técnicas no caso dos estudos de ciclo curto e as licenciaturas das enxeñaría técnicas superiores no caso dos de ciclo longo, ben como as modalidades existentes de títulos propios).

Gráfica 6: Evolución anual do número de títulos emitidos por ciclo de estudos (%)



4.4 Títulos emitidos por titulación

Durante o período avaliado, as catro titulacións que concentraron máis títulos emitidos foron aquelas de ciclo curto (un único ciclo), situándose a de Maxisterio (13,8%) en primeiro lugar, seguida pola de Ciencias Empresariais (8,4%), a de Enxeñaría Técnica Industrial (5,8%) e a de

Enfermaría (5,3%). As titulacións de ciclo longo (que comprenden un primeiro e un segundo ciclo) con máis títulos emitidos foron Enxeñaría Industrial (4,3%), Enxeñaría de Telecomunicación (3,4%) e a Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (3,2%). Polo número de títulos, a seguir áchanse a Diplomatura en Relacións Laborais (3,0%) e as licenciaturas en Dereito (2,4%) e Bioloxía (1,9%).

O seguinte cadro mostra as dez titulacións con máis títulos emitidos no período 1990-2015:

Titulación	Número	%
Diplomatura de Mestre/a	11355	13,79
Diplomatura en Ciencias Empresariais	6899	8,38
Enxeñaría Técnica Industrial	4734	5,75
Diplomatura en Enfermaría	4358	5,29
Enxeñaría Industrial	3502	4,25
Enxeñaría de Telecomunicación	2793	3,39
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	2628	3,19
Diplomatura en Relacións Laborais	2501	3,04
Licenciatura en Dereito	1968	2,39
Licenciatura en Bioloxía	1521	1,85

4.4.1 Número de títulos emitidos por tipoloxía de titulación

Neste apartado é realizada unha análise máis pormenorizada, clasificando as titulacións segundo a súa tipoloxía.

Diplomaturas

As diplomaturas con máis títulos emitidos son a de Mestre/a (13,79%), Ciencias Empresariais (8,38%), Enfermaría (5,29%), Relacións Laborais (3,04%), Graduado Social (1,33%), Educación Social (1,11%), Traballo Social (1,07%), Fisioterapia (0,66%), Xestión e Administración Pública (0,40%) e Turismo (0,29%).

O seguinte cadro mostra o número e distribución porcentual dos títulos emitidos das diplomaturas:

Diplomatura	Núm.	%
Ciencias Empresariais	6899	8,38
Educación Social	912	1,11
Enfermaría	4358	5,29
Fisioterapia	547	0,66
Graduado Social	326	0,40

Mestre/a ²⁰	1091	1,33
Relacións Laborais	11355	13,79
Traballo Social	2501	3,04
Turismo	883	1,07
Xestión e Administración Pública	238	0,29

Licenciaturas

As licenciaturas con máis número de títulos emitidos son Administración e Dirección de Empresas²¹ (4,78%), Economía²² (2,89%), Dereito (2,39%), Bioloxía (1,85%), Tradución e Interpretación (1,71%), Belas Artes (1,62%), Publicidade e Relacións Públicas (1,60%), Dereito Económico-Empresarial (1,40%), Ciencias do Mar (1,39%) e Psicopedagogía (1,37%).

O seguinte cadro mostra o número e distribución porcentual dos títulos emitidos das licenciaturas:

Licenciatura	Núm.	%
Administración e Dirección de Empresas	2628	3,19
Belas Artes	1332	1,62
Bioloxía	1521	1,85
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	366	0,44
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	754	0,92
Ciencias do Mar	1141	1,39
Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas)	1206	1,46
Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais)	1313	1,59
Comunicación Audiovisual	251	0,30
Dereito ²³	1968	2,39
Dereito (Rama Económico-Empresarial)	1156	1,40
Economía	1175	1,43
Filoloxía Galega	146	0,18
Filoloxía Hispánica	705	0,86
Filoloxía Inglesa	711	0,86
Filoloxía Xermánica	237	0,29
Física	227	0,28
Historia	466	0,57
Psicopedagogía ²⁴	1129	1,37
Publicidade e Relacións Públicas	1316	1,60
Química	965	1,17
Tradución e Interpretación ²⁵	1411	1,71

20) Suma dos títulos emitidos de Diplomados/as en Formación do Profesorado de EXB e de Mestre/a/Maxisterio (especialidades Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Linguas Estranxeiras).

21) Suma da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas e da Sección de Empresariais da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais.

22) Suma da Licenciatura en Economía e da Sección de Económicas da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais.

23) Suma de Licenciatura en Dereito e Licenciatura en Dereito (Rama Xeral).

24) Incluídas as persoas que completaron os primeiros ciclos de Pedagogía e Psicoloxía.

25) Suma de Licenciatura en Tradución e Interpretación e Licenciatura de Tradución e Interpretación (especialidades Español-Ingles, Galego-Ingles, Español-Francés e Galego-Francés).

Enxeñarías Superiores

No ámbito das Enxeñarías Superiores, a titulación con máis títulos emitidos é Enxeñaría Industrial (4,25%), seguida por Enxeñaría de Telecomunicación (3,39%), Enxeñaría de Minas (0,82%) e Enxeñaría en Informática (0,55%).

O seguinte cadro mostra o número e distribución porcentual dos títulos emitidos das enxeñarías superiores:

Ingeniería Superior	Núm.	%
Enxeñaría de Minas	679	0,82
Enxeñaría de Telecomunicación	2793	3,39
Enxeñaría en Informática	449	0,55
Enxeñaría Industrial	3502	4,25

Enxeñarías Técnicas

No que respecta ás Enxeñarías Técnicas, a Industrial representa o 5,75% dos títulos emitidos, seguida a moita distancia de Informática de Xestión (1,69%), Agrícola (1,07%), Forestal (0,94%) e de Telecomunicación (0,39%).

O seguinte cadro mostra o número e distribución porcentual dos títulos emitidos das enxeñarías técnicas:

Ingeniería Técnica	Núm.	%
Agrícola	883	1,07
Forestal	774	0,94
Industrial ²⁶	4734	5,75
Informática de Xestión	1390	1,69
Telecomunicación ²⁷	318	0,39

Graos

Os graos con máis número de títulos emitidos son o Grado en Administración e Dirección de Empresas e en Enfermaría (0,71% ambos), seguido polo de Belas Artes (0,65%), Educación Infantil e Educación Primaria (0,57% ambos), Fisioterapia (0,32%), Tradución e Interpretación (0,27%), Publicidade e Relacións Públicas (0,26%), Dereito (0,24%) e Ciencias da Actividade Física e do Deporte (0,23%).

²⁶ Suma de titulados de Enxeñaría Técnica Industrial e de Enxeñaría Técnica Industrial (especialidades de Electricidade, Electrónica Industrial, Mecánica e Química Industrial)

²⁷ Suma de Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, especialidades de Son e Imaxe e Sistemas de Comunicación.

O seguinte cadro mostra o número e distribución porcentual dos títulos emitidos dos graos:

Grao	Núm.	%
Administración e Dirección de Empresas ²⁸	586	0,71
Belas Artes	539	0,65
Biloxía	134	0,16
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	19	0,02
Ciencias Ambientais	41	0,05
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	188	0,23
Ciencias do Mar	52	0,06
Comercio	64	0,08
Comunicación Audiovisual	83	0,10
Consultadoría e Xestión da Información	10	0,01
Dereito	200	0,24
Dirección e Xestión Pública ²⁹	176	0,21
Economía	88	0,11
Educación Infantil ³⁰	472	0,57
Educación Primaria ³¹	466	0,57
Educación Social ³²	143	0,17
Enfermaría ³³	585	0,71
Enxeñaría Agraria	20	0,02
Enxeñaría da Enerxía	60	0,07
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación ³⁴	92	0,11
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	13	0,02
Enxeñaría Eléctrica ³⁵	26	0,03
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática ³⁶	52	0,06
Enxeñaría en Organización Industrial	33	0,04
Enxeñaría en Química Industrial ³⁷	38	0,05
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	46	0,06

28) Suma de Grao en Administración e Dirección de Empresas e Curso Ponte de Grado en Administración e Dirección de Empresas.

29) Suma de Grao en Dirección e Xestión Pública e Curso Ponte.

30) Suma de Grao en Educación Infantil e Curso Ponte desde Diplomado Mestre/a en Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira.

31) Suma de Grao en Educación Primaria e Curso Ponte desde Diplomado Mestre/a en Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira.

32) Suma de Grao en Educación Social e Curso Ponte.

33) Suma de Grao en Enfermaría e Curso Ponte.

34) Suma de Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Comunicación e Curso Ponte desde Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (especialidades de Sistemas de Telecomunicación, Sistemas Electrónicos e Son e Imaxe).

35) Suma de Grao en Enxeñaría Eléctrica e Curso Ponte.

36) Suma de Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e Curso Ponte.

37) Suma de Grao en Enxeñaría Química Industrial e Curso Ponte.

Grao	Núm.	%
Enxeñaría Forestal ³⁸	95	0,12
Enxeñaría Informática ³⁹	90	0,11
Enxeñaría Mecánica ⁴⁰	168	0,20
Estudos de Galego e Español	43	0,05
Fisioterapia ⁴¹	267	0,32
Linguas Estranxeiras	67	0,08
Publicidade e Relacións Públicas	214	0,26
Química	49	0,06
Relacións Laborais e Recursos Humanos ⁴²	125	0,15
Traballo Social ⁴³	145	0,18
Tradución e Interpretación ⁴⁴	219	0,27
Turismo ⁴⁵	79	0,10
Xeografía e Historia	32	0,04

38) Suma de Grao en Enxeñaría Forestal e Curso Ponte desde as especialidades de Explotacións Forestais, Industria da Madeira e Xestión Ambiental.

39) Suma de Grao en Enxeñaría Informática e Curso Ponte.

40) Suma de Grao en Enxeñaría Mecánica e Curso Ponte.

41) Suma do Grao en Fisioterapia e Curso Ponte.

42) Suma de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Curso Ponte.

43) Suma de Grao en Traballo Social e Curso Ponte.

44) Suma das especialidades de Español-Francés, Español-Inglés, Galego-Inglés e Galego-Francés.

45) Suma de Grao en Turismo e Curso Ponte, itinerario Dirección e Planeamento e Xestión de Recursos de Aproveitamento Turístico.

Títulos Propios

Relativamente aos títulos propios, o Graduado Universitario Sénior representa o 0,74% dos títulos emitidos, seguido polo de Graduado Superior Sénior (0,18%), Graduado Universitario en Ciencias Policiais (0,17%), Graduado Universitario/Titulado Superior en Deseño Têxtil e Moda (0,15%), Graduado Universitario en Detective Privado (0,10%), Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental (0,04%) e Graduado Superior/Universitario en Información Técnica do Medicamento (0,04%).

O seguinte cadro mostra o número total e a distribución porcentual dos Títulos Propios:

Título propio	Núm.	%
Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	31	0,04
Graduado Superior en Información Técnica do Medicamento	19	0,02
Graduado Superior Sénior	148	0,18
Graduado Universitario en Ciencias Policiais	143	0,17
Graduado Universitario en Deseño Têxtil e Moda	117	0,14
Graduado Universitario en Detective Privado	81	0,10
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	20	0,02
Graduado Universitario Sénior	612	0,74
Titulado Superior en Deseño Têxtil e Moda	5	0,01

Mestrados Universitarios

Os mestrados con máis títulos emitidos foron o de Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (1,55%), seguido polo de Enerxía e Sustentabilidade (0,39%), Prevención de Riscos Laborais (0,39%), Tecnoloxías e Procesos da Industria do Automóbil (0,37%), Comercio Internacional (0,28%) Dirección e Administración de Empresas (0,25%), Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministración (0,24%), Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais (0,25%), Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (0,22%) e Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente (0,19%).

O seguinte cadro mostra o número e distribución porcentual dos títulos emitidos dos mestrados universitarios:

Mestrado Universitario	Núm.	%
Acuicultura ⁴⁶	58	0,07
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	21	0,03
Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente	18	0,02
Aplicacións de Procesado do Sinal en Comunicacións	39	0,05
Arte Contemporánea. Creación e Investigación	101	0,12
Artes Escénicas ⁴⁷	72	0,09
Avogacía ⁴⁸	91	0,11
Biodiversidade e Ecosistemas	30	0,04
Bioloxía Mariña	18	0,02
Bioteecnoloxía Avanzada	43	0,05
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar ⁴⁹	172	0,20
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	18	0,02
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases	20	0,02
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	42	0,05
Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia	14	0,02
Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático	42	0,05
Comercio Internacional	230	0,28
Consultadoría de Software Libre	57	0,07
Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control	129	0,16
Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais	36	0,04
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	77	0,09
Dereito de Empresa	45	0,05
Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	157	0,19
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	96	0,12
Dirección de Arte en Publicidade	156	0,19
Dirección de PEMES	78	0,09
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	209	0,25
Dirección e Planificación do Turismo	101	0,12
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	53	0,06
Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración	198	0,24
Dirección Integrada de Proxectos ⁵⁰	66	0,08
Dirección Pública e Liderado Institucional	37	0,04
Economía	16	0,02
Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros ⁵¹	10	0,01
Economía, Mercados Financeiros e Empresa	19	0,02
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais	50	0,06
Edición	18	0,02

46) Suma dos itinerarios Profesional e Doutoramento

47) Suma da Orientación A (Estudos Literarios e Teatrais) e B (Educación e Animación Teatral).

48) Suma dos titulados do Mestrado de Ourense, Pontevedra e Vigo..

49) Inclúe o mestrado homónimo segundo RD 56/2005.

50) Suma das especialidades Lecer e Deporte e Sistemas de Información.

51) Suma dos itinerarios Avaliación Pesqueira e Economía e Política do Medio e dos Recursos Mariños.

Mestrado Universitario	Núm.	%
Enerxía e Sustentabilidade	317	0,39
Enxeñaría da Automoción ⁵²	60	0,07
Enxeñaría da Construción ⁵³	40	0,05
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais ⁵⁴	181	0,22
Enxeñaría de Soldadura	100	0,12
Enxeñaría Informática	20	0,02
Enxeñaría Matemática	49	0,06
Enxeñaría Química	24	0,03
Enxeñaría Telemática	66	0,08
Enxeñaría Térmica	44	0,05
Estudos de Xénero ⁵⁵	35	0,05
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	7	0,01
Estudos Ingleses Avanzados, Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas	59	0,07
Finanzas	151	0,18
Física Aplicada	119	0,14
Fotónica e Tecnoloxías do Láser	80	0,10
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	56	0,07
Información Técnica do Medicamento	73	0,09
Innovación Industrial e Optimización de Procesos	160	0,19
Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias	9	0,01
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	180	0,22
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	105	0,13
Investigación en Comunicación	67	0,08
Investigación en Contabilidade e Finanzas	26	0,03
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	48	0,06
Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares	89	0,11
Investigación Química e Química Industrial	7	0,01
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	73	0,09
Lingua e Comunicación nos Negocios	66	0,08
Lingüística Aplicada	7	0,01
Lingüística e as súas Aplicacións	31	0,04
Lingüística Galega	4	0,00
Matemática Industrial	3	0,00
Mecatrónica	59	0,07
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	103	0,13
Metodoloxía e Aplicacións en Bioloxía Molecular	13	0,02
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	32	0,04
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	146	0,18
Neurociencia ⁵⁶	22	0,03
Nutrición	132	0,16
Oceanografía	60	0,07
Ordenación Xurídica do Mercado	41	0,05
Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega	10	0,01
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	87	0,11

Mestrado Universitario	Núm.	%
Prevenición de Riscos Laborais	322	0,39
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	50	0,06
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas ⁵⁷	1277	1,55
Química Avanzada ⁵⁸	50	0,06
Química Teórica e Modelización Computacional ⁵⁹	12	0,01
Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética	35	0,04
Sistemas Software Intelixentes e Adaptábeis	34	0,04
Teatro e Artes Escénicas	20	0,02
Técnicas Estatísticas	23	0,03
Tecnoloxía Medioambiental	75	0,09
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	96	0,12
Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil ⁶⁰	272	0,33
Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóble	79	0,10
Teoría do Sinal e Comunicacions.	37	0,04
Tradución e Paratradución	52	0,06
Tradución Multimedia	106	0,13
Tradución para a Comunicación Internacional	31	0,04
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	3	0,00
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	140	0,17
Xestión e Dirección Laboral	76	0,09
Xestión Empresarial do Deporte	79	0,10

Finalmente, o Anexo 8 recolle a distribución global agregada de todos os títulos emitidos por orde decrecente. Para a súa elaboración procedeuse a agrupar diferentes titulacións segundo os criterios que figuran nas referencias ao pé de páxina de cada caso.

No entanto, unha distribución máis desagregada/pormenorizada da distribución global dos títulos emitidos (designada neste estudo como distribución global estendida) pode ser consultada no Anexo 9. Neste caso, a diferenza do anterior, o Anexo reflicte as especialidades existentes en cada titulación.

52) Suma das especialidades Procesos e Tecnoloxías.

53) Suma das especialidades de Estruturas e Instalacións.

54) Suma das especialidades de Estruturas e Instalacións.

55) Inclúe o mestrado homónimo segundo RD 1393/2007.

56) Suma dos itinerarios Profesional e Doutoramento.

57) Suma das especialidades Arte e Debuxo, Ciencias Experimentais (Bioloxía, Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas e Tecnoloxía e en Educación Física), Ciencias Sociais (Humanidades e en Xeografía e Historia), Formación Profesional (Formación e Orientación Laboral, Sector Primario e Secundario e en Sector Servizos) e Linguas e Literaturas (Linguas Estranxeiras e en Linguas e Literaturas Oficiais Castelán e Galego).

58) Inclúe o mestrado homónimo segundo RD 56/2005 e RD 1393/2007.

59) Inclúe o mestrado homónimo segundo RD 56/2005 e RD 1393/2007.

60) Suma das especialidades Procesos e Tecnoloxía.

4.4.2 Evolución quinquenal

Unha análise quinquenal das dez titulacións con máis proporción de títulos emitidos permite concluír que a Diplomatura de Maxisterio é a que presenta o máis alto nivel ao longo da secuencia histórica (24,9% entre 1989/90-1994/95, 19,5% entre 1995/96-1999/2000, 15,10% entre 2000/01-2004/05, 14,0% entre 2005/06-2009/10 e 8,7⁶¹% entre 2010/11-2014/15).

A Diplomatura en Estudos Empresariais ocupa o segundo lugar polo número de títulos emitidos nos quinquenios 1989/90-1994/95 (15,7%), 1995/96-1999/2000 (14,4%), 2000/01-2004/05 (9,7%), o terceiro no quinquenio 2005/06-2009/10 (6,5%) e o 2,0% entre 2010/11-2014/15.

Os estudos de Enxeñaría Técnica Industrial constitúen a titulación con máis porcentaxe de títulos emitidos no quinquenio 2010/11-2014/15 (5,5%), proporción que lle confere a sexta posición entre 2005/06-2009/10 (5,3%). A porcentaxe de persoas tituladas foi aumentando desde un 4,0% entre 1989/90-1994/95 (sétima posición), 3,8% entre 1995/96-1999/2000 (nona posición) até alcanzar un máximo de 8,7% entre 2000/01-2004/05 (terceira posición).

A posición de Enfermaría vai diminuindo ao longo dos quinquenios, pasando dun terceiro lugar no período 1989/90-1994/95 (11,8%), ao cuarto nos períodos 1995/96-1999/2000 (7,1%) e 2000/01-2004/05 (5,5%), quinto entre 2005/06-2009/10 (5,4%) e sexto⁶² entre 2010/11-2014/15 (2,8%).

A titulación de Enxeñaría Industrial só aparece entre as dez titulacións con máis títulos emitidos no quinquenio 2000/01-2004/05 (3,9%), ocupando o oitavo lugar, subindo até a segunda posición entre 2005/06-2009/10 (6,6%) e terceira entre 2010/11-2014/15 (4,5%).

Salvo no quinquenio 1995/96-1999/2000 en que, na sexta posición, alcanza o 5,2% de títulos emitidos, a titulación de Enxeñaría de Telecomunicación oscila entre o 3,2% entre 1989/90-1994/95 (oitava posición), 3,9% entre 2000/01-2004/05 (sétima posición) e 3,5% entre 2005/06-2009/10 (sétima posición).

A Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas aparece na quinta posición no quinquenio 2000/01-2004/05 co 4,6% de persoas tituladas, posición que conserva no período 2005/06-2009/10 (5,5%) e entre 2010/11-2014/15⁶³ (5,7%). Considerando a Licenciatura en Ciencias Empresariais como antecedente directo desta titulación, os estudos en empresariais ocuparían a sétima posición (6,1%) no quinquenio 1989/90-1994/95 e oitava entre 1995/96-1999/2000 (4,1%).

61) Suma das persoas tituladas na Diplomatura de Maxisterio (4,20%), Grado en Educación Infantil (2,26%) e Grao en Educación Primaria (2,23%).

62) Como Grao en Enfermaría.

63) Suma da proporción de persoas tituladas na Licenciatura de Administración e Dirección de Empresas (2,86%) e no Grao de Administración e Dirección de Empresas (2,80%).

Distribución e posición das dez principais titulacións por quinquenios:

	1989/90- 94/95	1995/96- 1999/2000	2000/01- 2004/05	2005/06- 2009/10	2010/11- 2014/15
Dip. Maxisterio	1º (24,9%)	1º (19,5%)	1º (15,1%)	1º (14,0%)	4º (4,2%)
Dip. Ciencias Empresariais	2º (15,7%)	2º (14,4%)	2º (9,7%)	3º (6,5%)	2,0%
Enx. Téc. Industrial	7º (4,0%)	9º (3,8%)	3º (8,7%)	6º (5,3%)	1º (5,5%)
Dip. Enfermaría	3º (11,8%)	4º (7,1%)	5º (5,5%)	5º (5,4%)	1,3%
Enx. Industrial	2,1%	2,3%	8º (3,9%)	2º (6,6%)	3º (4,5%)
Enx. de Telecomunicación	8º (3,2%)	6º (5,2%)	7º (3,9%)	7º (3,5%)	1,7%
Lic. Adm. e Dir. de Empresas	0,0%	0,42%	5º (4,6%)	4º (5,5%)	5º (2,9%)
Dip. Relacións Laborais	1,0%	3º (8,0%)	6º (4,1%)	1,8%	0,6%
Lic. Dereito	0,7%	7º (5,0%)	10º (3,5%)	2,0%	0,6%
Lic. Bioloxía	2,4%	10º (2,7%)	2,4%	1,7%	0,8%

De forma semellante á análise da distribución global dos títulos emitidos, o Anexo 10 mostra a distribución quinquenal agregada dos títulos emitidos por orde alfabética, seguindo os criterios aplicados no Anexo 8. No Anexo 11 pódese consultar a distribución quinquenal estendida dos títulos emitidos por orde alfabética, con indicación de todas as especialidades de cada titulación.

4.5 Títulos emitidos por xénero


Por xéneros, a maioría dos 82.330 títulos emitidos no período avaliado corresponden a mulleres (61,3%) contra o 38,7% de homes. Porén, nunha análise máis pormenorizada desta variábel, obsérvase que ao longo dos quinquenios avaliados se produce unha diminución da porcentaxe feminina nas titulacións completadas na Universidade de Vigo.

4.5.1 Evolución quinquenal

Unha análise máis detallada da relación entre evolución quinquenal e a distribución de xénero é estatisticamente significativa ($p < 0,05$)⁶⁴. Tal como mostra a Gráfica 7, prodúcese un descenso significativo dunha taxa máxima de mulleres tituladas do 65,7% no período 1989/90-1994/95 e do 65,0% no 1995/96-1999/2000 ao 61,5% entre 2000/01-2004/05 e 61,4% entre 2005/06-2009/10 até finalmente alcanzar un mínimo de 56,9% no quinquenio 2010/11-2014/15.

64) Coeficiente de correlación de Pearson.


Gráfico 7: Evolución quinquenal da presenza feminina (%)



4.5.2 Evolución anual

Unha análise anual desta variábel permite avaliar este fenómeno máis detalladamente. A Gráfica 8 mostra a evolución anual da presenza feminina. O Anexo 12 mostra o cadro de datos da evolución anual dos títulos emitidos por xénero.

Gráfico 8: Evolución anual da presenza feminina (%)



As diferenzas nas distribucións anuais de titulados/as por xénero son estatisticamente significativas, observándose que a proporción de mulleres mantense en porcentaxes superiores ao 60% entre os cursos 1989/90 e 2003/04, con máximos do 67,5% no curso 1990/91 e de 66,8% en 1994/95. No 2004/05 esta presenza desce até o 57,4%, recuperándose no curso académico seguinte (aprox. 63%). Entre os cursos 2007/08 e 2009/10 a taxa de mulleres mantense no nivel de 60%. Porén, en todos os anos do último quinquenio avaliado (2011-15) a proporción de mulleres é inferior a ese 60%, variando entre o 58,5% no curso 2010/11, 55,6%

no 2011/12, 57,9% no 2012/13, 56,3% no 2013/14 e 55,9% no 2014/15 (o segundo rexistro mínimo da serie histórica avaliada).

4.5.3 Análise por ámbitos académicos

Unha análise da distribución de xénero por ámbitos académicos mostra relacións de significancia estatística. Así, tal como mostra o seguinte cadro, a maioría das persoas tituladas en todos os ámbitos académicos son mulleres, salvo no Tecnolóxico, onde os homes representan o 71,0% dos títulos. As mulleres constitúen o 84,0% na rama das Ciencias da Saúde o 75,5% das Artes e Humanidades, o 69,4% da Xurídico-Social, 66,3% da Científica e 62,4% da Multidisciplinar.

Distribución de xénero por ámbito académico (%):

	Hombres	Mujeres
Artes e Humanidades	24,5	75,5
Ciencias da Saúde	16,0	84,0
Científico	33,7	66,3
Multidisciplinar	37,6	62,4
Tecnolóxico	71,0	29,0
Xurídico-social	30,6	69,4

Evolución quinquenal

A proporción de mulleres nas titulacións da rama Xurídico-Social presenta unha tendencia levemente crecente. A partir dunha situación inicial do 68,4%, o período 2005/06-2009/10 atinxe un máximo do 71,0% para recuar, entre 2010/11-2014/15, ao 67,8%.

Relativamente ao ámbito Tecnolóxico a proporción de mulleres presenta unha tendencia aínda máis claramente ascendente, duplicando a porcentaxe inicial e que sobe, dun mínimo 14,2% entre 1989/90-1994/95 até o máximo do 31,6% entre 2005/06-2009/10. Porén, no período 2010/11-2014/15, a porcentaxe recúa até o 27,9%.

A presenza de mulleres nas titulacións do ámbito das Artes e Humanidades presenta unha tendencia levemente decrecente. Así, no período avaliado, pásase dun 76,6% no quinquenio 1989/90-1994/95, cun máximo do 78,6% entre 2005/06-2009/10 a un mínimo do 73,5% entre 2010/11-2014/15.


No que respecta ás Ciencias da Saúde, esta tendencia decrecente é máis acusada. Máis concretamente, a presenza feminina alcanza un máximo do 88,0% entre 1995/96-1999/2000, experimentando logo a seguir unha diminución até alcanzar o mínimo do 77,2% entre 2010/11-2014/15.

No tocante ao ámbito Científico, a presenza feminina fica constante no período avaliado cunha pendente levemente positiva. A maior proporción de mulleres oscila entre un máximo do 68,8% entre 2005/06-2009/10 e un mínimo do 62,8% entre 2010/11-2014/15.

A evolución da presenza feminina na rama Multidisciplinar presenta tamén unha leve tendencia decrecente, pasando do 66,2% entre 2000/01-2004/05 ao 62,1% entre 2010/11-2014/15.

A Gráfica 9, que inclúe o cadro de datos, mostra a evolución quinquenal da presenza feminina dos títulos emitidos por ámbito académico.

Gráfico 9: Evolución quinquenal da presenza feminina por ramas académicas (%)



4.5.4 Análise por ciclo de estudos

Unha análise do perfil de xénero en función do ciclo de estudos tamén permite concluír a existencia de relacións de dependencia estatística, ou sexa, é significativa a presenza feminina maioritaria nos títulos emitidos nas diplomaturas (75,5%), licenciaturas (67,0%), graos (66,6%) e nos títulos propios (58,7%). Polo contrario, os homes constitúen a maioría dos títulos emitidos nas enxeñarías superiores (73,5%) e enxeñarías técnicas (69,5%). Aínda que sendo maioritaria a presenza feminina (54,6% contra 45,4% de homes), o perfil de xénero dos títulos emitidos de mestrado universitario presenta unha relación de equilibrio.

En conclusión, de forma agregada, o 65,7% dos títulos emitidos de ciclo curto corresponden a mulleres, ben como o 56,8% dos títulos de ciclo longo e o 58,7% dos títulos propios.

Ciclo de estudos	% Home	% Muller		% Home	% Muller
Ciclo Curto	34,3	65,7	Diplomatura	24,5	75,5
			Enxeñaría Técnica	69,5	30,5
Ciclo Largo	43,2	56,8	Licenciatura	33,0	67,0
			Enxeñaría Superior	73,5	26,5
Grao			-	33,4	66,6
Mestrado Universitario			-	45,4	54,6
Títulos Propios	41,3	58,7	Graduado Superior	46,5	53,5
			Graduado Universitario	40,4	59,6
			Mestrado Universitario	45,4	54,6
			Título Superior	20,0	80,0

Evolución quinquenal

A evolución da presenza feminina nas diplomaturas mostra unha tendencia crecente no período avaliado, situándose entre un máximo do 78,7% no quinquenio 2000/01-2004/05 e un mínimo do 73,5% no 1989/90-1994/95. Tamén é crecente a tendencia no caso das enxeñarías técnicas, pasando dun mínimo do 14,7% no quinquenio 1989/90-1994/95 ao máximo do 34,8% no 2000/01-2004/05 para situarse, finalmente, no 24,8% no quinquenio 2010/11-2014/15.

No caso dos ciclos longos, a proporción de mulleres presenta unha tendencia crecente, pasando dun mínimo do 65,1% no quinquenio 1989/90-1994/95 a un máximo do 69,0% no período 2005/06-2009/10 para situarse no 66,2% no último quinquenio avaliado. No que respecta ás enxeñarías superiores a presenza feminina é crecente desde o 13,8% do primeiro quinquenio ao cuarto, en que alcanza un máximo do 30,6%, recuando até o 26,6% no período 2010/11-2014/15.

No caso dos graos implantados até o momento, a proporción de mulleres increméntase do 62,9% no quinquenio 2006/10 ao 66,7% no 2010/11-2014/15.

A presenza feminina nos mestrados universitarios pasa do 51,8% no período 2005/06-2009/10 ao 55,4% no período 2010/11-2014/15.

No que respecta aos títulos propios, como se mostra na Gráfica 10, a presenza feminina aumenta tanto no caso dos graduados superiores como no dos graduados universitarios. Finalmente, a proporción de mulleres nos títulos superiores (só presente no período 2010/11-2014/15) é do 80%.

Gráfica 10: Evolución quinquenal da presenza feminina por ciclo de estudos (%)



4.5.5 Análise por titulacións

Unha análise da presenza feminina nas diferentes titulacións avaliadas permite concluír a existencia de diferenzas estatisticamente significativas. A partir deste feito, para proceder a esta análise diferénciase entre as titulacións de perfil feminino das que posúen un marcadamente masculino e as que manteñen unha proporción equilibrada entre os dous xéneros. Finalmente, realízase un estudo da evolución quinquenal da presenza feminina nas diferentes titulacións oficiais e mestrados. O Anexo 13 mostra a distribución global dos títulos emitidos por xénero consoante orde decrecente da presenza feminina

Titulacións de perfil feminino

Unha análise do perfil de xénero das titulacións permite concluír que ao longo do período avaliado as titulacións relacionadas cos estudos de ensino (excluído o deporte e a actividade física), contidos sociais, saúde, filoloxías, artísticas e científicas, son eminentemente femininas.

No ámbito do ensino, as mulleres constitúen máis do 90,0% das persoas tituladas nos graos de Educación Infantil (91,7%) así como o 82,7% da Licenciatura en Psicopedagogía, 80,0% dos Mestre/

as e 76,8% do Grao de Educación Primaria. Entre as especialidades da diplomatura de Mestre/a é significativa a maior proporción de mulleres en Educación Infantil (91,4%), Educación Especial (90,2%), Lingua Estranxeira (79,3%), Educación Primaria (78,7%) e Educación Musical (65,8%). En consecuencia, os mestrados ligados co ensino tamén presentan unha elevada presenza feminina: Necesidades específicas de apoio educativo (88,4%), Intervención multidisciplinar na diversidade de contextos educativos (85,6%), Menores en situación de desprotección e conflito social (85,4%), Dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos (85,4%), Investigación psicossocioeducativa con adolescentes en contextos escolares (74,2%) e, finalmente, Profesorado en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas (66,3%).

Os campos da educación física e do deporte, dentro do ámbito da formación de profesorado, son os únicos onde se manifesta unha presenza superior masculina. Así sendo, os homes constitúen o 77,1% das persoas tituladas no Grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, o 66,8% na Licenciatura homóloga e 62,2% na especialidade de Educación Física da Diplomatura de Maxisterio. Consecuentemente, a presenza masculina nos mestrados ligados a este campo é superior á feminina, como é o caso de Xestión empresarial do deporte (81,0%) ou Investigación en actividade física, saúde e deporte (55,2%).

As titulacións de carácter social presentan tamén un claro perfil feminino. Así, as mulleres constitúen a inmensa maioría das persoas tituladas no Grao en Educación Social (91,6%), nas diplomaturas de Educación Social e Traballo Social (87,4% en ambas), Grao en Traballo Social (86,2%) e Diplomatura en Graduado Social (70,0%).

No ámbito das ciencias da saúde as mulleres constitúen a maioría das persoas diplomadas en Enfermaría (86,9%) e Fisioterapia (76,4%). No entanto, máis recentemente, a proporción de tituladas manifesta unha diminución na obtención do grao respectivo, alcanzando un 82,7% en Enfermaría e descendendo até o 62,9% en Fisioterapia. En consecuencia, as mulleres son tamén a maioría de tituladas no mestrado en Nutrición (69,7%).

Nos estudos de linguas e filoloxías a presenza feminina é igualmente esmagadora, oscilando entre o 86,6% das persoas tituladas no Grao en Linguas Estranxeiras, 85,9% das licenciadas en Tradución e Interpretación (79,9% no caso do Grao homólogo), licenciadas en Filoloxía Xermánica (85,2%), Filoloxía Inglesa (82,3%), Filoloxía Hispánica (81,6%), Grao en Estudos de Galego e Español (79,1%) e Filoloxía Galega (67,1%). Relativamente aos mestrados universitarios, a proporción de mulleres é significativa no caso de Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións (85,7%), Tradución para a comunicación internacional (77,4%), Lingua e comunicación nos negocios (74,2%), Tradución e paratradución (73,1%), Estudos ingleses avanzados, interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas (72,9%), Lingüística aplicada (71,4%) e Lingüística e as súas aplicacións (71,0%). Porén, existe igual proporción de xénero no caso dos dous mestrados máis ligados á lingua galega: Lingüística galega e en Política lingüística e planeamento da lingua galega (50,0% ambos).

Dentro da rama académica Xurídico-Social a presenza feminina é considerábel nas titulacións ligadas ao turismo. Así a proporción de mulleres é de 82,3% no Grao de Turismo, 80,3% na Diplomatura homóloga, 85,7% no mestrado en Ciencia e tecnoloxía en termalismo e balneoterapia, 81,2% en Dirección e planeamento do turismo e 77,4% en Dirección e planeamento do turismo interior e de saúde.

As titulacións de perfil xurídico presentan unha proporción de mulleres considerábel que oscila entre o 66,5% das licenciadas en Dereito Económico-Empresarial, 66,0% en Grao en Dereito e 65,9% das licenciadas en Dereito. Igualmente, é maioritaria a presenza feminina nos mestrados xurídicos, nunha proporción que vai 69,2% en Avogacía, 57,8% en Dereito de empresa ao 52,9% en Dereito urbanístico e do ambiente. Porén, no caso de Ordenamento xurídico do mercado a presenza masculina (53,7%) é superior á feminina (46,3%).

As titulacións ligadas ao mundo do traballo tamén son maioritariamente femininas. Así, a proporción de mulleres na Diplomatura de Relacións Laborais alcanza o 71,1%, descendo levemente até o 70,4% no Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos. Consecuentemente, o mestrado en Xestión e dirección laboral manifesta unha presenza feminina do 72,4%.

Outras titulacións da rama Xurídico-Social con notábel presenza feminina son o Grao en Publicidade e Relacións Públicas (78,5%), a Licenciatura homóloga (77,9%) así como o Grao en Comunicación Audiovisual (75,9%) e a Licenciatura homóloga (74,9%). En consecuencia, esta tendencia mantense en mestrados como Dirección de arte en publicidade (76,9%) e Creación, desenvolvemento e comercialización de contidos audiovisuais (55,6%).

As titulacións ligadas máis directamente ao comercio tamén son maioritariamente femininas, alcanzando un 70,3% no Grao en Comercio e do 67,8% no mestrado en Comercio internacional.

Relativamente á rama de Arte e Humanidades a presenza feminina é superior tanto no Grao de Belas Artes (72,7%) como na Licenciatura homóloga (68,2%) así como o título propio de Deseño Téxtil e Moda, quer no seu formato de Graduado Universitario (85,8%), quer como Titulado Superior (80,2%).

No tocante á rama Científica, a proporción de mulleres é significativamente elevada na Licenciatura de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (76,2%), o Grao homónimo (68,4%), o Grao en Ciencias Ambientais (75,6%) así como nos mestrados universitarios en Ciencia e tecnoloxía agroalimentar e ambiental (77,8%), Ciencia e tecnoloxía agroalimentar (70,3%) e Xestión do desenvolvemento sustentábel (65,0%).

Existe unha maioría de tituladas tanto na Licenciatura de Bioloxía (68,5%) como no Grao homólogo (60,4%) así como o mestrado en Metodoloxía e aplicacións en bioloxía molecular (76,9%), en Biotecnoloxía avanzada (65,1%) e en Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida (59,4%).

Ciencias do Mar é unha titulación cun marcado perfil feminino tanto no seu formato de Licenciatura (68,7%) como de Grao (63,5%), ben como os mestrados ligados a este ámbito, entre os que destaca o de Acuicultura (74,1%).

As titulacións ligadas á química, quer na área Científica, quer na Tecnolóxica, presentan unha notábel presenza feminina. Así, a proporción de mulleres é maioritaria no caso da Licenciatura en Química (66,6%) e no Grao homólogo (57,1%), chegando a representar metade dos titulados no Grao en Enxeñaría en Química Industrial. En consecuencia, as mulleres son maioría entre as persoas tituladas nos mestrados universitarios de Química e química industrial, Química avanzada (85,7% en ambos) e no de Enxeñaría química (66,7%).

Titulacións de perfil masculino

En xeral, as titulacións do ámbito tecnolóxico ligadas á enxeñaría presentan un perfil marcadamente masculino que se ten consolidado coa introdución dos graos. Así, a maior taxa de persoas tituladas do xénero masculino áchase nos graos en Enxeñaría Mecánica (87,5%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (81,5%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e Enxeñaría Eléctrica (80,8% ambos), Enxeñaría en Informática (78,9%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (76,1%) e Enxeñaría da Enerxía (65,0%). Estas porcentaxes de presenza masculina superan á da Enxeñaría Técnica Industrial (77,7%), Enxeñaría Industrial (74,5%), Enxeñaría de Telecomunicación (73,7%), Enxeñaría de Minas (72,3%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (68,6%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (68,2%) e Enxeñaría en Informática (66,6%).

En consecuencia, a presenza masculina é tamén maioritaria entre os titulados nos mestrados universitarios ligados aos campos da enxeñaría industrial, enerxética, informática e de telecomunicación coas seguintes porcentaxes:

- Informática: Enxeñaría informática (90%), Consultadoría do software libre (77,2%) e Sistemas software intelixentes e adaptábeis (67,6%).
- Industria: Mecatrónica (88,1%), Enxeñaría de soldadura (82,0%), Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados da industria (81,3%), Procesos de deseño e fabricación mecánica (78,0%), Enxeñaría da automoción (76,7%), Tecnoloxías e procesos da industria do automóbil (76,5%), Tecnoloxías avanzadas de procesos de deseño e fabricación mecánica (75,0%), Enxeñaría da edificación e construcións industriais (74,6%), Fotónica e tecnoloxías do láser (70,0%).
- Enerxía: Enxeñaría térmica (86,4%), Tecnoloxía ambiental (72,0%) e Enerxía e sustentabilidade (71,3%).
- Telecomunicación: Radiocomunicación e enxeñaría electromagnética (80,0%), Aplicación de procesado do sinal e comunicacións (79,5%), Teoría do sinal e comunicacións (73,0%), Enxeñaría telemática (72,7%) e Enxeñaría matemática (71,4%).

Son homes a totalidade dos titulados nos mestrados universitarios en Integración económica rexional e políticas comunitarias e en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural.

Outros mestrados pertencentes ao ámbito xurídico-social con considerábel presenza masculina son: Dirección integrada de proxectos (72,7%) e Dirección pública e liderado institucional (64,9%).

Titulacións paritarias

Aínda que cun leve predominio feminino, existe un equilibrio entre xéneros⁶⁵ na Licenciatura de Economía (54,2%), Grao en Enxeñaría Agraria (55,0%), Licenciatura de Ciencias Económicas e Empresariais – Rama Económicas (55,4%), seguidas pola Licenciatura en Historia (56,0%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais – Rama Empresariais (57,3%), Grao Superior Sénior (57,4%) e Grao en Dirección e Xestión Pública (58,5%).

De forma similar, cun leve predominio masculino, áchanse o Grao en Xeografía e Historia (53,1%), Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (53,8%), Licenciatura en Física (54,2%), seguidas polo Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (57,6%) e Enxeñaría Técnica Forestal (57,9%).

No tocante aos mestrados, cun leve predominio masculino, manifestan un equilibrio de xénero os titulados nos mestrados universitarios en Dirección e administración de empresas (50,2%), Prevención de riscos laborais (52,8%), Ordenamento xurídico do mercado (53,7%), Neurociencia (54,5%), Ciencias do clima, Información técnica do medicamento (54,8% ambos), Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases (55,0%), Investigación en actividade física, deporte e saúde (55,2%), seguidos por Dirección e xestión da loxística e da cadea de subministración (56,1%), Economía, mercados financeiros e empresa (57,9%), Innovación industrial e optimización de procesos (58,1%) e Química teórica e modelización computacional (58,3%).

Polo contrario, cun leve predominio feminino, áchanse os mestrados universitarios en Administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa (52,4%), Dereito urbanístico e do medio ambiente (52,9%), Historia, territorio e recursos patrimoniais (53,6%), Investigación en contabilidade e finanzas, Física aplicada (53,8% ambos), Creación, dirección e innovación na empresa (54,5%), Teatro e artes escénicas (55,0%), Dirección de PEMES (55,1%), Bioloxía mariña, Creación, desenvolvemento e comercialización de contidos audiovisuais (55,6% ambos), seguidos de Técnicas estatísticas (56,5%), Contaminación industrial (56,6%), Oceanografía (56,7%), Ciencia e tecnoloxía agroalimentar (57,0%), Dereito da empresa (57,8%) e Finanzas (58,3%).

Evolución quinquenal

A seguir procédese a unha análise, por xéneros e por quinquenios, da evolución experimentada tanto nos títulos oficiais como nos mestrados a fin de identificar as tendencias experimentadas nestes aspectos. O Anexo 14 mostra o cadro de datos da evolución quinquenal da presenza feminina por titulacións.

65) Titulacións nas que, seguindo os criterios da Lei de Paridade, a proporción dos títulos emitidos a homes e mulleres non son inferiores ao 40% nen superiores ao 60%.

O proceso de implementación dos graos universitarios, operado principalmente no quinquenio 2010/11-2014/15, comportou as seguintes mudanzas no perfil das titulacións oficiais:

a) Titulacións de perfil feminino:

- Incremento da presenza feminina en: Educación Social (que pasa dun 88,9% da diplomatura ao 91,6% do grao), Enfermaría (dun 79,9% de mulleres do último quinquenio da diplomatura ao 82,7% do grao), Maxisterio (do 79,6% da diplomatura ao 91,7% do grao en Educación Infantil e ao 76,8% en Educación Primaria), Economía (do 52,8% da licenciatura ao 59,1% do grao), Publicidade e Relacións Públicas (do 73,5% da licenciatura ao 78,5% do grao), Comunicación Audiovisual (do 72,4% da licenciatura ao 75,9% do grao) e Turismo (do 70,6% da diplomatura ao 81,6% do grao).
- Diminución da presenza feminina en: Fisioterapia (do 81,7% da diplomatura ao 62,8% do grao), Xestión e Administración Pública (do 60,0% ao 55,9%), Bioloxía (do 72,0% da licenciatura ao 60,4% do grao), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (do 75,0% da licenciatura ao 68,4% do grao), Ciencias do Mar (do 68,4% da licenciatura ao 63,5% do grao), Química (do 63,3% da licenciatura ao 57,1% do grao), Tradución e Interpretación (do 85,5% da licenciatura ao 79,9% do grao).
- Conservan a mesma proporción: Relacións Laborais (do 68,2% da diplomatura ao 70,4% do grao), Traballo Social (do 83,3% da diplomatura ao 86,2% do grao), Enxeñaría Agraria (do 54,8% da enxeñaría técnica ao 55,0% do grao), Administración e Dirección de Empresas (do 61,8% da licenciatura ao 61,2% do grao), Belas Artes (do 74,3% da licenciatura ao 74,7% do grao), Dereito (do 67,0% da licenciatura ao 66,0% do grao) e Historia (do 45,8% da licenciatura ao 46,9% do grao).

b) Titulacións de perfil masculino:

- Incremento da presenza feminina: Enxeñaría de Minas (do 28,0% ao 46,2% do grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e 35,0% no de Enxeñaría da Enerxía).
- Diminución da presenza feminina: Enxeñaría de Telecomunicación (do 29,2% da enxeñaría superior ou do 29,6% da enxeñaría técnica ao 18,5% do grao), Enxeñaría en Informática (do 26,0% da enxeñaría superior e do 23% da diplomatura ao 21,1% do grao), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (31,1% da licenciatura ao 22,9% do grao)
- Conservación da proporción: Enxeñaría Forestal (do 40,7% da Enxeñaría Técnica ao 37,9% do grao).

As antigas titulacións de Enxeñaría Industrial e Enxeñaría Técnica Industrial (con 25,6% e 20,6% de presenza feminina, respectivamente) deron lugar a unha ampla variedade de graos nos que a proporción de mulleres varía do 12,5% no Grao de Enxeñaría Mecánica ao 19,2% dos graos en Enxeñaría Eléctrica e en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, 23,9% do Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, 50,0% do Grao en Enxeñaría en Química Industrial ou o 42,4% do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Igualmente, un outro factor que puido ter contribuído a diminución da presenza feminina é a desaparición da oferta académica, coa implantación do Plano Boloña, de titulacións de mercado

perfil feminino, entre as cales as filoloxías Galega, Hispánica, Inglesa ou Psicopedagogía. Porén, este proceso deu lugar a novas titulacións de marcado perfil feminino, entre as que destacan os graos en Linguas Estranxeiras (86,6%), Estudos de Galego e Español (79,1%), Ciencias Ambientais (75,6%) ou Comercio internacional (70,3%).

c) Mestrados universitarios

No tocante aos mestrados universitarios pódese concluír que:

No período avaliado 29 mestrados experimentan unha diminución da presenza feminina, destacando, pola súa importancia decrecente: Química teórica de modelización computacional (-66,7%), Consultoría de software libre (-60,6%), Tecnoloxía ambiental (-54,8%), Fotónica e tecnoloxías do láser (-47,4%), Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria (-47,4%), Historia, territorio e recursos patrimoniais (-42,9%), Teoría do sinal e comunicacións (-37,5%), Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida (-33,9%), Investigación en actividade física, deporte e saúde (-28,5%), Enxeñaría de soldadura (-26,1%), Aplicacións de procesado de sinal en comunicacións (-25,9%), Artes escénicas (-21,6%), Acuicultura (-21,3%), Enxeñaría telemática (-21,1%), Dirección e xestión da loxística e da cadea de subministración (-20,4%), Tecnoloxías e procesos na industria do automóbil (-17,0%), Ecosistemas terrestres, uso sustentábel e implicacións ambientais (-15,6%), Investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares (-14,6%) e en Políticas comunitarias e cooperación territorial (-12,5%).

Polo contrario, até 23 mestrados experimentan un incremento da presenza feminina, destacando os casos dos mestrados universitarios en Radiocomunicación e Enxeñaría electromagnética (300,0%), Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces (242,9%), Neurociencia (128,6%), Investigación en contabilidade e finanzas (102,6%), Sistemas software intelixentes e adaptábeis (87,5%), Dirección integrada de proxectos (47,4%), Química avanzada (46,9%), Contaminación industrial (46,2%), Edición (45,8%), Creación, dirección e innovación na empresa (36,6%), Innovación industrial e optimización de procesos (30,1%), Xestión do desenvolvemento sustentábel (26,3%), Enxeñaría matemática (24,1%), Física aplicada (19,6%), Nutrición (18,1%), Investigación en comunicación (15,0%), Prevención de riscos laborais (13,8%), Xestión e dirección laboral (12,5%), Enxeñaría térmica (11,1%) e en Menores en situación de desprotección e conflito social (10,1%).

5. PERSOAS TITULADAS (1990-2015)

Como referido no apartado 4, para abordar esta temática cabe diferenciar entre títulos emitidos (82.330 entre 1990-2015) e persoas tituladas (71.487). O feito de ambos non sexan coincidentes e que o número de títulos supere ao de persoas tituladas é debido ao feito de algunhas delas teren completado máis dunha titulación.

5.1. Número total


Durante o período avaliado, na Universidade de Vigo completaron os seus estudos superiores un total de 71.487 persoas, na súa maioría mulleres (61,7%) contra o 38,3% de homes.

A seguir é avaliada a evolución quinquenal e anual das persoas tituladas. Para cada caso, o Anexo 15 mostra tanto a frecuencia como a taxa de evolución respectivas.

5.1.1 Evolución quinquenal

Desde o seu inicio, como se pode comprobar na Gráfica 11, o número de persoas tituladas por quinquenios experimentou unha tendencia xeral crecente. No entanto, nunha análise máis pormenorizada detéctase un recúo do número de persoas tituladas no cuarto quinquenio (2005/06-2009/10), altura en que se produciu unha queda do 6,9%. Até entón a Universidade de Vigo experimentara un crecemento considerábel (79,4% entre o segundo e o primeiro quinquenio e de 25,2% entre o terceiro e segundo). Finalmente, no último quinquenio prodúcese un crecemento do 10,8% no número de persoas tituladas.

Gráfica 11: Evolución quinquenal do número de persoas tituladas




Paralelamente, a evolución da media anual de persoas tituladas da Universidade de Vigo segue a seguinte secuencia: 1261 entre 1989/90-1994/95, 2715 entre 1995/96-1999/2000, 3400 entre 2000/01-2004/05, 3164 entre 2005/06-2009/10 e 3505 entre 2010/11-2014/15.

5.1.2 Evolución anual

Por cursos académicos, o número de persoas tituladas experimenta unha tendencia xeral crecente, destacándose o crecemento do 78,0% entre o curso 1989/90 e 1990/91, coincidindo coa primeira promoción de titulados da Universidade de Vigo. O primeiro decrecemento interanual no número de persoas tituladas (-4,9%) ten lugar, tal como mostra a Gráfica 12, no curso 2000/01. No terceiro quinquenio prodúcese un novo recúo do 3,5% no curso 2003/04. No cuarto quinquenio (período 2004/05-2009/10) obsérvanse decrecementsos interanuais nos cursos 2005/06, 2006/07 e 2008/09 do 13,9%, 17,3% e 19,2%, respectivamente. Porén, os decrecementsos máis notábeis tiveron lugar nos primeiros anos do último quinquenio avaliado (2010/11-2014/15) cunha taxa de decrecemento anual do 19,8% e 18,6% nos cursos 2010/11 e 2011/12, respectivamente.

Paralelamente ao número de títulos emitidos, o curso académico no que se produce un máximo absoluto de persoas tituladas (4663) tivo lugar en 2009/10, altura en que a oferta académica viuse alargada coa implementación de até 30 novos mestrados universitarios, facendo que o crecemento interanual das persoas tituladas entre este curso e o precedente chegase a alcanzar o 95,6%.

Gráfica 12: Evolución anual do número de persoas tituladas




5.2 Comparativa entre persoas tituladas e títulos emitidos

Como se pode comprobar nas seguintes gráficas de evolución quinquenal e anual, o número de títulos emitidos é superior ao de persoas tituladas. Esta circunstancia ten a súa explicación, xa comentada, no feito de que é habitual que algunhas persoas tivesen obtido varios títulos durante o período avaliado de vinte e cinco anos. A seguir procédese a realizar unha análise da evolución quinquenal e interanual destas variábeis.

5.2.1 Evolución quinquenal

Tal como mostra a Gráfica 13, as diferenzas máis considerábeis entre o número de títulos emitidos e persoas tituladas prodúcense no cuarto e quinto quinquenios avaliados (25,4% e 19,2%, respectivamente). Até o quinto quinquenio esta diferenza experimentou unha progresión crecente, pasando do 5,0% no primeiro quinquenio, ao 7,3% no segundo, 12,2% no terceiro, 25,4% referido no cuarto e 19,2% no quinto.


Gráfica 13: Evolución quinquenal do número de títulos emitidos e persoas tituladas



5.2.2 Evolución anual

Como mostra a Gráfica 14, as maiores diferenzas entre o número de títulos emitidos e o de persoas tituladas ten lugar en cursos académicos pertencentes ao cuarto quinquenio (29,9% no curso 2008/09, 29,3% no 2009/10, 27,4% no 2007/08) ben como no quinto (24,5% no curso 2010/11 e 24,3% no 2011/12). Porén, no último curso avaliado (2014/15) esta diferenza (6,5%) sitúase ao nivel das promocións de 1996/97 e 1997/98 e dos primeiros quinquenios entre o 4,4% do curso 1992/93 e 5,5% do 1989/90.

Gráfica 14: Evolución anual do número de títulos emitidos e persoas tituladas




5. 3 Relación entre o número de títulos emitidos/persoas tituladas (t/p)

Unha maneira de expresar a relación entre o número de títulos emitidos (t) e o de persoas tituladas (p) é a partir do cociente entre ambas variábeis (t/p). A proporción global (t/p) de títulos por persoa é de 1,15.

Unha análise por xénero deste parámetro permite concluír que os homes presentan unha taxa título/persoa (1,162) levemente superior á das mulleres (1,146).

A Gráfica 15 mostra a evolución anual do parámetro t/p . Como se pode comprobar, a relación entre títulos emitidos e persoas tituladas presenta unha tendencia crecente no período avaliado. Os valores máximos de t/p prodúcense entre os cursos académicos 2007/08 e 2009/10, cun máximo do 1,299 no curso 2008/09, seguido do 1,293 no 2009/10 e 1,284 no 2007/08. Aínda que a evolución global sexa crecente en toda a serie histórica avaliada, a tendencia nos últimos cursos examinados é decrecente, pasando un 1,274 no curso 2012/13 ao 1,165 no 2013/14 e ao 1,065 no 2014/15. Desta maneira o parámetro t/p recúa a posicións dos cursos 1997/98 e 1996/97.

Gráfica 15: Evolución anual do parámetro t/p



No Anexo 16 pódese consultar o cadro de datos da evolución anual e quinquenal deste parámetro.

5.3.1 Persoas tituladas con titulación múltipla

Un total de 9.770 persoas (o 13,7% das persoas tituladas) completaron varias titulacións durante o período avaliado.

O seguinte cadro mostra a nivel global a frecuencia e distribución porcentual do número de títulos obtidos por persoa.

Número de títulos	Número de persoas	% sobre o total de títulos
8	3	0,03
4	75	0,77
3	902	9,23
2	8790	89,97

5.4 Local de residencia

Esta epígrafe mostra o local de residencia do alumnado durante os estudos e, en certa maneira, reflicte tamén a súa orixe xeográfica.


A esmagadora maioría (99,4%) da poboación obxecto deste estudo tiña a súa residencia en territorios do Estado español. Por continentes, a presenza de persoas tituladas orixinarias da Europa (0,301%) e América (0,276%) superan grandemente á da África (0,017%) e Asia (0,006%).

As gráficas 16 e 17 mostran máis detalladamente a distribución porcentual da poboación por continentes en función do país de procedencia. Alén diso, no Anexo 17 pódese consultar o cadro de datos correspondente a cada zona.

5.4.1 Europa

Na Europa destaca, polo seu peso específico, a presenza de persoas procedentes de Portugal (59,3%) seguida por Alemaña (17,3%) e Francia (6,1%), porcentaxes relacionadas co 0,301% das persoas tituladas de orixe en países europeos.


Gráfica 16: Distribución porcentual das persoas tituladas orixinarias da Europa



5.4.2 América, África e Asia

No caso da América, as porcentaxes de titulados procedentes de países latino-americanos como Perú (22,4%), Colombia (18,4%) e Brasil (13,3%) son superiores ás dos EUA (3,1%).

Gráfica 17: Distribución porcentual das persoas tituladas orixinarias da América



En África, para alén de Marrocos, destaca a presenza de persoas orixinarias dos Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa (PALOPS), isto é, persoas tituladas procedentes de Cabo Verde, Mozambique e Angola.

O Anexo 17 mostra a frecuencia e distribución porcentual de persoas tituladas nas áreas xeográficas referidas neste apartado.

5.4.3 Estado español

Este apartado avalía pormenorizadamente, por Comunidades Autónomas, provincias e municipios o local de residencia das persoas tituladas.

Comunidades Autónomas

O seguinte cadro mostra a frecuencia e distribución porcentual do local de morada durante os estudos da poboación avaliada por Comunidades Autónomas:

Comunidade Autónoma	Número	%
Andalucía	182	0,26
Aragón	35	0,05
Asturias	413	0,58
Cantabria	59	0,08
Castilla y León	674	0,95
Castilla-La Mancha	65	0,09
Cataluña	116	0,16

Comunidade Autónoma	Número	%
Ceuta	3	0,00
Estremadura	54	0,08
Galicia	68326	96,66
Illas Baleares	43	0,06
Illas Canarias	91	0,13
La Rioja	28	0,04
Madrid	290	0,41
Melilla	4	0,01
Navarra	26	0,04
País Basco	150	0,21
País Valenciano	99	0,14
Rexión de Murcia	30	0,04

Como se pode comprobar, a maioría das persoas tituladas tiñan o seu lugar de residencia en Galicia (96,66%). A respecto doutras Comunidades Autónomas, cabe destacar a maior proporción orixinaria de rexións lindeiras con Galicia: Castilla y León (0,95%) e Asturias (0,58%).

Provincias

O seguinte cadro presenta a provincia de residencia das persoas tituladas no momento en que completaron os seus estudos na Universidade de Vigo:

Provincia	Número	%
A Coruña	6809	9,63
Albacete	18	0,03
Alicante	43	0,06
Almería	21	0,03
Álava	31	0,04
Asturias	412	0,58
Ávila	10	0,01
Badajoz	35	0,05
Barcelona	97	0,14
Biscaia	69	0,10
Burgos	49	0,07
Cáceres	19	0,03
Cádiz	42	0,06
Cantabria	59	0,08
Castellón	18	0,03
Ceuta	3	0,00
Ciudad Real	8	0,01

Córdoba	20	0,03
Cuenca	4	0,01
Girona	9	0,01
Granada	25	0,04
Guadalajara	11	0,02
Guipúscoa	50	0,07
Huelva	3	0,00
Huesca	4	0,01
Illas Baleares	43	0,06
Jaén	16	0,02
La Rioja	28	0,04
Las Palmas	49	0,07
León	388	0,55
Lleida	5	0,01
Lugo	2687	3,80
Madrid	290	0,41
Málaga	28	0,04
Melilla	4	0,01
Murcia	30	0,04
Navarra	26	0,04
Ourense	15811	22,37
Palencia	32	0,05
Pontevedra	43018	60,86
Salamanca	51	0,07
Santa Cruz de Tenerife	42	0,06
Segovia	10	0,01
Sevilla	28	0,04
Soria	5	0,01
Tarragona	5	0,01
Teruel	3	0,00
Toledo	24	0,03
Valencia	38	0,05
Valladolid	56	0,08
Zamora	73	0,10
Zaragoza	28	0,04

Como se pode constatar, o 83,23% das persoas tituladas son orixinarias das dúas provincias en que se achán as sedes dos tres campus. Por outra parte, son as provincias españolas lindeiras con Galicia as que presentan as porcentaxes máis altas.

Municipios

Segundo o lugar de morada durante os estudos, os principais municipios galegos de residencia das persoas tituladas que integran a poboación obxecto deste estudo son: Vigo (30,63%), Ourense (12,87%) e Pontevedra (6,19%). A máis distancia áchanse os municipios da Coruña (2,28%), Redondela (1,93%), Cangas (1,69%), Marín (1,47%), Santiago de Compostela (1,40%), Vilagarcía de Arousa (1,19%), Moaña (1,17%), Ponteareas (1,11%), Nigrán (1,09%) e O Porriño (1,03%). Estes municipios galegos abranxen o 64,05% da poboación avaliada.

Por outro lado, os municipios españois que presentan máis estudantes son Madrid (0,25%), León (0,14%), Gijón e Oviedo (0,12% ambos) e Barcelona (0,07%).

O Anexo 18 mostra os municipios galegos de residencia durante os estudos das persoas tituladas que completaron os seus estudos durante o período avaliado.

5.5 Principais titulacións completadas por local de residencia

Nesta epígrafe reférense os principais estudos que realizaron as persoas tituladas, diferenciando os que pertencen a países estranxeiros, Comunidades Autónomas e principais municipios galegos.

No Anexo 19 pormenorízanse as titulacións completadas por persoas orixinarias de países estranxeiros, entre os cales Portugal, Alemaña, Perú, Colombia, Brasil e México. O Anexo 20 mostra as principais titulacións completadas por persoas orixinarias de Comunidades Autónomas (Castilla y León, Asturias, Madrid, Andalucía, País Vasco, Cataluña, País Valenciano e Illas Canarias) e provincias españolas. En nivel galego, o Anexo 21 presenta as principais titulacións completadas por persoas residentes nos municipios galegos con máis de 50.000 habitantes (Vigo, Ourense, Pontevedra, A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol e Lugo). O caso dos municipios galegos máis representativos⁶⁶ (Narón, Vilagarcía de Arousa, Oleiros, Carballo, Arteixo, Redondela, Ames, Culleredo, Ribeira, Cangas, Marín, Cambados, Ponteareas, A Estrada, Lalín, Monforte de Lemos, Vilalba, Verín, O Carballiño) é confrontado no Anexo 22.

5.5.1 Alumnado non galego

Relativamente ás principais titulacións levadas a cabo polo alumnado residente en países estranxeiros, destacan as relativas aos mestrados. Así sendo, os procedentes do México centráronse en Fotónica e tecnoloxía do láser, os do Perú en Contaminación industrial: avaliación, prevención e control, os de Colombia en Enxeñaría telemática ou os de Portugal no de Profesorado en educación secundaria obrigatoria, formación profesional e ensino de idiomas.

⁶⁶ O estudo contempla os municipios con máis de 20.000 habitantes, así como aqueles que, sen alcanzar esa poboación, son representativos das provincias de Lugo (Monforte de Lemos e Vilalba) e Ourense (Verín e O Carballiño).

Respectante ás Comunidades Autónomas, destaca, polo contrario, as titulacións ligadas coa e Enxeñaría de Telecomunicación que estudaron en maior medida persoas tituladas procedentes de Castilla y León, Asturias, Madrid, Andalucía e Illas Canarias. De igual forma, as tituladas en Ciencias do mar proceden fundamentalmente de Castilla y León, Asturias, Madrid, País Basco, Cataluña e País Valenciano. Tamén debe levarse en conta a titulación de Enxeñaría Industrial, na que se matriculou alumnado procedente de Castilla y León, Madrid, Cataluña e Illas Canarias (titulación impartida nalgunhas universidades desas Comunidades Autónomas).

Por outro lado, aínda que o seu número non sexa considerábel, é significativa a atracción que o mestrado universitario en Información técnica do medicamento fai de alumnado procedente das comunidades de Castilla y León, Madrid, Andalucía, Cataluña e Illas Canarias.

Tamén convén resaltar que a titulación de Belas Artes é escollida por alumnado procedente das comunidades de Castilla y León, Asturias (en primeiro lugar de todas elas), País Basco, País Valenciano e Illas Canarias, aínda que en porcentaxes menores ás referidas en apartados anteriores.

5.5.2 Alumando galego

Finalmente, no tocante aos municipios galegos con máis habitantes, chama a atención que sexa a Diplomatura en Ciencias Empresariais a que ocupa a primeira opción para alumnado das cidades de Vigo, Ourense, Vilagarcía de Arousa, Redondela, Ribeira, Cangas, Marín, Pontearreas, Lalín, Monforte de Lemos, Verín e O Carballiño. Por outra parte, os estudos de Enxeñaría Industrial ocupan a primeira opción entre as persoas procedentes da Coruña, Lugo, Oleiros, Carballo e Ames e o segundo entre os de Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Culleredo e Vilalba. Igualmente, os de Enxeñaría de Telecomunicación son escollidos como primeira opción por estudantado de Santiago de Compostela, Ferrol, Narón, Arteixo e Culleredo, mentres que representan a segunda opción para os estudantes procedentes da Coruña, Lugo, Ames e Cambre.

Tamén cabe destacar que a Diplomatura de Enfermaría e a de Maxisterio ocupan lugares notábeis, especialmente na maioría dos municipios con poboación próxima dos 20.000 habitantes.

EPÍLOGO

Ao longo dos últimos tres anos, a equipa redactora deste traballo dedicouse a promover estudos de seguimento e análise da traxectoria profesional das persoas tituladas pola Universidade de Vigo que actualmente exercen as súas tarefas en 67 países. O obxectivo fundamental era coñecer as súas situacións persoais relativas á titulación estudada e a súa vinculación coa actividade que exercen actualmente. Tratábase, portanto, dun seguimento *a posteriori* da súa graduación, cuxo coñecemento podería servir para levar a cabo un estudo específico sobre o tema.

Como xa se sinalou na parte introdutoria, o obxectivo principal desta iniciativa consistía en dotar ao incipiente Observatorio de Egresados dunha base de datos, o suficientemente ampla e actualizada, que permitise colocar os alicerces da posta en marcha desta unidade da Universidade de Vigo destinada a ser o vínculo máis sólido entre a institución académica e o seu antigo alumnado.

No entanto, durante a execución desta iniciativa, considerouse acaído comezar coa realización dun relatorio sobre os acontecementos académicos e docentes máis destacábeis que marcaron a historia da Universidade de Vigo desde a súa creación no curso 1989/90. Entre eles, a evolución das titulacións de ciclos curto e longo, a implantación dos graos, dos mestrados, dos títulos propios, ben como as características de orixe, de xénero ou de residencia das persoas tituladas; isto é, unha especie de foto fixa do alumnado recén concluídos os seus estudos e antes de iniciar a súa traxectoria profesional.

Así sendo, considerando que esta diferenciación entre estas partes puidese ser de utilidade para unha maior comprensión do ADN da Universidade de Vigo a partir da óptica das súas persoas tituladas, levouse a cabo este traballo, cuxo índice mostra o detalle dos argumentos tratados e a casuística relativa tanto ás persoas tituladas como aos títulos obtidos.

Con estes presupostos, a seguir expóñense as conclusións e o resumo de datos a levar en conta, proceso que se realiza sen formular reflexións persoais a fin de que sexa o lector/a quen tire as súas propias conclusións a partir das informacións disponibilizadas neste estudo. Deste modo téntase descubrir, ao igual que un icebergue, a parte menos coñecida e que estaba aparentemente oculta desta institución académica.

CONCLUSIÓNS

1. Sobre as persoas tituladas

1.1 O número de persoas tituladas desde o inicio da Universidade de Vigo (curso 1989/90) até 2014/15 foi de 71.487, das cales os 61,7% foron mulleres contra 38,3% homes.

1.2 O número de persoas tituladas por quinquenios, desde o 1º (1989/90-1994/95) até o 5º (2010/11-2014/15) seguiu a seguinte distribución: 1º (7.568), 2º (13.576), 3º (17.000), 4º (15.820) e 5º (17.523). Como se pode observar, a tendencia foi de crecemento constante cun leve descenso ao inicio do cuarto quinquenio (2005/06-2009/10) e recuperación posterior. Por outra parte, convén destacar que o valor máximo anual do número de persoas tituladas foi de 4.633 no curso 2009/10 debido fundamentalmente á completa implementación de até 30 novos mestrados, o que acarretou un incremento de 95,6% a respecto do curso precedente.

2. Sobre as titulacións

2.1 O número de títulos emitidos nese período alcanzou a cifra de 82.330, o que proporciona unha relación entre títulos emitidos e persoas tituladas (t/p) de 1,150 (1,162 para homes e 1,146 para mulleres). Isto é debido a que 9.770 persoas (13,7% do total) completaron varias titulacións (3 delas graduáronse en 8, 75 en 4, 902 en 3 e 8790 en 2). Por outra parte, o máximo valor alcanzado de t/p foi de 1,299 no curso académico 2008/2009, coincidindo co desenvolvemento dos mestrados.

2.2 O número de títulos emitidos nos cinco quinquenios que abranxen todo o período 1989/90-2014/15 mostra un crecemento espectacular nos tres primeiros (7.950 títulos no 1º, 14.561 no 2º e 19.080 no 3º), e un aumento moderado no 4º (19.845) e 5º (20.894).

2.3 A maioría dos títulos emitidos corresponden ao ámbito do coñecemento Xurídico-Social (52,6%) seguido do Tecnolóxico (22,8%), Arte e Humanidades (8,2%), Ciencias da Saúde (7,2%) e Científico (6,4%), do que se deduce que a Universidade de Vigo non é fundamentalmente tecnolóxica, como podería esperarse en función da recoñecida posición que ocupa nas ramas de coñecemento científico e tecnolóxico.

2.4 A Diplomatura é a tipoloxía con máis proporción de títulos emitidos (35,4%), seguida polas Licenciaturas (26,9%), Mestrados Universitarios (10,4%), Enxeñaría Técnica (9,8%), Enxeñaría Superiores (9,0%) e Graos (7,1%). Desde a creación da Universidade de Vigo, portanto, o 45,2% dos títulos emitidos corresponden a estudos de ciclo curto contra 43,0% de longo.

2.5 Os estudos de diplomatura foron diminuindo progresivamente en todos os períodos

1989/90-1994/95 (64,4%) e 1995/96-1999/2000 (54,5%), 2000/01-2004/05 (39,7%), 2005/06-2009/10 (33,2%) até o 9,1% no último quinquenio. Polo contrario, a evolución dos títulos emitidos nas enxeñarías superiores aumentou desde o 5,3% (1989/90-1994/95) até o 7,7% no último quinquenio, cun máximo de 12,7% no cuarto quinquenio.

2.6 No curso 2004/05 aparece pola primeira vez a modalidade do título propio. No curso 2005/06 complétase a primeira promoción de mestrados universitarios e no 2009/10 a de graos. Desde a súa aparición, estes últimos pasaron do 2,5% a ser a maioría (53,0%) dos títulos emitidos no curso 2014/15 debido ao novo ordenamento académico do Plano Boloña.

2.7 Nestes 25 anos obsérvase tamén un incremento espectacular do número de títulos emitidos, que pasan de 9 para 112 como resultado das 151 titulacións iniciadas e das 39 extinguidas. Nesta cifra inclúense 42 titulacións de grao, 31 cursos-ponte que permiten a transición entre os antigos ciclos curtos (estudios de diplomatura e de enxeñaría técnica) e os graos, 3 títulos propios, ben como como 36 titulacións de primeiro e segundo ciclo en fase de extinción aínda non concluída.

2.8 Ao longo do último quinquenio (2010/11-2014/15) complétase a implementación do proceso de adaptación ao EEES, tamén coñecida como Reforma de Boloña ou Plano Boloña. Así sendo, neste período prodúcese a incorporación á oferta académica de 38 dos 42 títulos de grao existentes⁶⁷, 29 dos 31 cursos-ponte e 3 títulos propios, sumando un total de 70 novas titulacións.

2.9 Os mestrados fóronse implantando desde o curso 2005/06, en que se completou a primeira promoción desta titulación, altura en que representaban 0,1% dos títulos emitidos. No curso 2014/15 impartíanse xa un total de 53 mestrados, resultado dos 102 que se iniciaran e da desaparición de 49 extinguidos durante o período avaliado, que representaban o 29,5% dos títulos emitidos.

3. Sobre a procedencia das persoas tituladas

3.1 En función do local de orixe das persoas tituladas, a Universidade de Vigo, ao igual que as 82 existentes en España, pode ser considerada unha institución endogámica, pois 99,4% dos seus titulados/as proceden do Estado español. Apenas 0,30% son orixinarios da Europa⁶⁸, 0,28% da América⁶⁹, 0,02% da África e 0,01% de Asia. Esta peculiaridade afásta, por exemplo, das universidades anglosaxoas, con altas porcentaxes de docentes e discentes estranxeiros.

3.2 A maioría das titulacións obtidas polos estudantes estranxeiros son mestrados: Fotónica e

67) No quinquenio 2005/06-2009/10 incorporáranse os graos en Belas Artes, Turismo, Dirección e Xestión Pública e en Fisioterapia.

68) Destaca Portugal (59%), Alemaña (17%) e a Francia (6%).

69) Destaca Perú (22%), Colombia (18%), Brasil (13%) e Estados Unidos (3%).

tecnoloxía do láser (México), Contaminación industrial (Perú), Enxeñaría telemática (Colombia), Profesorado en educación secundaria obrigatoria, formación profesional e ensino de idiomas (Portugal).

3.3 As persoas tituladas ao longo dos 25 primeiros anos pola Universidade de Vigo proceden principalmente de Galicia (96,66%) e, en menor número de Comunidades Autónomas lindeiras como Castilla y León (0,95%) e Asturias (0,58%). Por outra parte, tamén se constata que o 83,23% dos seus titulados/as residían nas provincias de Ourense e Pontevedra, onde están localizados os Campus desta Universidade.

3.4 Os principais municipios galegos de residencia foron Vigo (30,63%), Ourense (12,87%), Pontevedra (6,19%), A Coruña (2,28%), Redondela (1,93%), Cangas (1,69%), Marín (1,47%) e Santiago de Compostela (1,40%). Entre os municipios españois destacan Madrid (0,25%), León (0,14%), Gijón e Oviedo (0,12% ambos) e Barcelona (0,07%).

4. Sobre as principais titulacións completadas polo alumnado galego e de fora de Galicia

4.1 Alumnado galego

- Diplomatura en Ciencias Empresariais: Primeira opción para os estudantes procedentes de Vigo, Ourense, Vilagarcía de Arousa, Redondela, Ribeira, Cangas, Marín, Ponteareas, Lalín, Monforte de Lemos, Verín e O Carballiño.
- Diplomatura en Enfermaría: Primeira opción para os estudantes procedentes de Pontevedra e da Estrada.
- Enxeñaría Industrial: Primeira opción para os estudantes procedentes da Coruña, Lugo, Oleiros, Carballo, Ames; segunda opción en Vigo e sétima en Pontevedra.
- Enxeñaría de Telecomunicación: Primeira opción para os estudantes procedentes de Santiago de Compostela, Ferrol, Narón, Arteixo, Culleredo; segunda na Coruña, Lugo, Cambre e Ames; nona opción en Vigo e décimo primeira en Pontevedra.

4.2 Alumnado non galego

- As titulacións de Enxeñaría de Telecomunicación e Ciencias do Mar son las primeiras opcións para os estudantes procedentes de Castilla y León, Asturias e Comunidade de Madrid.
- A titulación de Enxeñaría Industrial é la primeira opción para os estudantes de Castilla y León, Cataluña e Comunidade de Madrid.
- A titulación de Belas Artes é a primeira opción para os estudantes de Castilla y León, Asturias e País Basco.
- Obsérvase, portanto, a influencia da proximidade xeográfica, destacando Castilla y León e Asturias na maioría das opcións.

5. Sobre os títulos emitidos por titulación

5.1 Ciclos de estudos: As titulacións con máis títulos emitidos foron as de ciclo curto, destacando Maxisterio (13,8%), seguida por Ciencias Empresariais (8,4%), Enxeñaría Técnica Industrial (5,8%) e Enfermaría (5,3%). Entre as de ciclo longo destacan as enxeñarías Industrial (4,3%) e de Telecomunicación (3,4%), ben como licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas (3,2%), Dereito (2,4%) e Bioloxía (1,9%).

5.2 Diplomaturas: As que emitiron máis títulos son Maxisterio (13,8%), Ciencias Empresariais (8,4%), Enfermaría (5,3%) e Relacións Laborais (3,0%).

5.3 Licenciaturas: O maior número de títulos emitidos foi en Administración e Dirección de Empresas/Ciencias Empresariais (4,8%), Economía /Ciencias Económicas (2,9%), Dereito (2,4%), Bioloxía (1,9%), Tradución e Interpretación (1,7%), Belas Artes, Publicidade e Relacións Públicas (1,6% ambas) e, co 1,4%, Dereito Económico-Empresarial, Ciencias do Mar e Psicopedagogía.

5.4 Enxeñarías superiores: A primeira é Enxeñaría Industrial (4,3%), seguida de Telecomunicación (3,4%), Minas (0,8%) e Informática (0,6%).

5.5 Enxeñarías técnicas: A Industrial representa os 5,8% de todos os títulos emitidos, seguida por Informática de Xestión (1,7%), Agrícola (1,1%), Forestal (0,9%) e de Telecomunicación (0,4%).

5.6 Graos: O maior número de títulos emitidos corresponde ao de Administración e Dirección de Empresas e en Enfermaría (0,7% ambos), seguido polos de Belas Artes (0,65%), Educación Infantil e Educación Primaria (0,6% ambos), Fisioterapia (0,3%) e Tradución e Interpretación (0,3%).

5.7 Títulos propios: Os máis representativos son o Graduado Universitario Sénior (0,74%) seguido do Graduado Superior Sénior (0,18%) e Graduado Universitario en Ciencias Policiais (0,17%), ben como os ligados ao Deseño Têxtil e Moda⁷⁰ (0,15%).

5.8 Mestrados: Entre os máis destacados está o de Profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas (1,6%), seguido a distancia polos de Enerxía e sustentabilidade, Prevención de riscos laborais, Tecnoloxías e procesos da industria do automóbil (todos eles co 0,4%) e Comercio internacional (0,3%).

5.9 A análise da distribución e das principais titulacións por quinquenios pon en destaque que a Diplomatura en Maxisterio ocupou o primeiro lugar nos catro primeiros quinquenios para pasar ao cuarto no último (a súa evolución foi decrecente desde o 24,9% no primeiro quinquenio até o 4,2% no período 2010/11-2014/15). A diplomatura en Ciencias Empresariais ocupa o segundo lugar nos tres primeiros quinquenios (16%, 14% y 10%, respectivamente) e descende até o 2,0%

70) Referido aos títulos de Graduado Superior e de Titulado Superior.

no último. En troca, Enxeñaría Técnica Industrial foi ascendendo desde o posto sétimo para o primeiro neste período aínda que as súas porcentaxes varían entre 4% e 5,5% para o primeiro e último quinquenio, respectivamente. Os titulados en Enxeñaría Industrial varían entre o 2% e un máximo de 7%, desde o inicio coa creación da Universidade de Vigo até o quinquenio 2005/06-2009/10.

6. Sobre os títulos emitidos por xénero

6.1 Dos 82.330 títulos emitidos, 61,3% corresponden a mulleres contra o 38,7% de homes.

6.2 A taxa máxima de mulleres tituladas obsérvase no período 1989/90-1994/95 que representa o 65,7%, diminuindo progresivamente até alcanzar un mínimo de 56,9% no período 2010/11-2014/15.

6.3 Por ámbitos académicos, as mulleres son a maioría das persoas tituladas en todas as ramas, salvo a Tecnolóxica⁷¹, onde os homes representan o 71% dos títulos. O predominio de mulleres conséntase nos ámbitos de Ciencias da Saúde (84%), Arte e Humanidades (76%), Xurídico-Social (69%), Científico (66%) e Multidisciplinar (62%).

6.4 Ciclo de estudos: A presenza feminina é maioritaria nas diplomaturas (76%), licenciaturas (67%), graos (67%) e títulos propios (59%). Polo contrario, os homes representan a maioría nas enxeñarías superiores (74%) e enxeñarías técnicas (70%). Os mestrados presentan unha relación máis equilibrada entre mulleres (55%) e homes (45%).

As mulleres son maioría nas titulacións de ciclo curto (65,7%), ciclo longo (56,8%) e títulos propios (58,7%).

6.5 Titulacións:

- Perfil feminino: Titulacións ligadas ao ensino (excluíndo as relacionadas co deporte e a actividade física), contidos sociais, saúde, filoloxías, artísticas e científicas.
- Perfil masculino: Titulacións do ámbito tecnolóxico, que se consolidan coa introdución dos graos e mestrados ligados aos campos da enxeñaría industrial, enerxética, informática e de telecomunicación.
- Paritarias: Mantense un equilibrio entre xéneros con leve predominio feminino en titulacións como a Licenciatura de Economía (54,2%), Grao en Enxeñaría Agraria (55,0%) e Licenciatura en Historia (56,0%). Mostran, en troca, un leve predominio masculino os graos en Xeografía e Historia (53,1%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (53,8%) e Enxeñaría en Organización Industrial (57,6%).

⁷¹ No entanto, obsérvase unha tendencia ascendente da presenza feminina (14,2% en 1989/90-1994/95 até o 28,0 % correspondente ao período 2010/11-2014/15).

Para unha maior información sobre este aspecto, recoméndase consultar o apartado 4.5 deste estudo, onde se detalla a evolución quinquenal e anual da presenza feminina nos títulos emitidos, sendo avaliada por ámbitos académicos, por ciclos de estudos e por titulacións, identificándose, neste caso, as variacións experimentadas nos perfís de xénero.

BIBLIOGRAFÍA

Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010. Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2015)

Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2008 e 2009. Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2014)

Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2013)

La Universidad Española en Cifras 2014/2015. J. Hernández Armenteros y J.A. Pérez García. CRUE Universidades Españoles (2016)

Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012. ACSUG (2016)

ANEXOS

ANEXO 1: Evolución das titulacións oficiais por cursos académicos

1989/1990

Situación inicial:

Titulación	Campus
Lic. Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas) Lic. Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais) Enxeñaría Industrial Enxeñaría de Telecomunicación Graduado Social Enxeñaría Técnica Industrial Lic Filoloxía Xermánica (1º ciclo) Lic. Filoloxía Románica (1º ciclo) Lic. Filoloxía Hispánica (1º ciclo)	Vigo
Lic. Farmacia (1º Curso) Lic. Pedagogía (1º ciclo) Lic. Psicoloxía (1º ciclo)	Ourense
Dip. Ciencias Empresariais Lic. Bioloxía (1º ciclo) Lic. Química (1º ciclo)	Vigo/Ourense
Dip. Profesorado de EXB	Vigo/Ourense/Pontevedra
Dip. Enfermaría	Vigo/Pontevedra

Quinquenio 1990/91 – 1994/95

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
1991/92	Lic. Xeografía e Historia -Sección Historia (1º ciclo)	Ourense	
1992/93	Lic. Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Ourense	Lic. Farmacia (1º curso)
		Vigo	Lic. Filoloxía Románica (1º ciclo)
1993/94	Dip. Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	Ourense	
	Dip. Relacións Laborais	Vigo	
1994/95	Lic. Belas Artes	Pontevedra	
	Lic. Dereito	Ourense	Lic. Pedagogía (1º ciclo)

Quinquenio 1995/96 – 1999/2000

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
1995/96	Lic. Ciencias do Mar Lic. Filoloxía Inglesa Lic. Tradución e Interpretación Lic. Ciencias Químicas	Vigo	Lic. Filoloxía Xermánica (1º ciclo)
	Enx. Téc. Forestal	Pontevedra	
	Lic. Psicopedagogía	Ourense	Lic. Psicoloxía (1º ciclo)
	Mestre/a - Esp. Educación Especial - Esp. Educación Física - Esp. Educación Infantil - Esp. Educación Musical - Esp. Educación Primaria - Esp. Lingua Estranxeira	Ourense/ Pontevedra/Vigo	
1996/97	Dip. Educación Social Dip. Traballo Social Enx. Téc. Agrícola, esp. En Industrias Agrarias e Alimentares Lic. Historia	Ourense	
		Vigo	Dip. Graduado Social
1997/98	Dip. Fisioterapia Lic. Publicidade e Relacións Públicas	Pontevedra	
	Enx. de Minas	Vigo	
1998/99	Lic. Economía Dereito Rama Económico-Empresarial	Vigo	
	Lic Dereito Rama Xeral	Ourense	
	Lic. Administración e Dirección de Empresas	Vigo/Ourense	
		Vigo/Ourense/ Pontevedra	Dip. Profesorado de EXB
1999/2000	Lic. Filoloxía Galega	Vigo	
	Lic. Física	Ourense	Lic. Xeografía e Historia – Sección Historia (1º ciclo)

Quinquenio 2000/01 – 2004/05

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
2000/01	Enx. en Informática	Ourense	
2001/02	Dip. Xestión e Administración Pública	Pontevedra	
		Ourense	Lic. Dereito
2002/03	Enx. Téc. Industrial - Esp. Electricidade - Esp. Química Industrial	Vigo	Lic. Ciencias Económicas Lic. Ciencias Empresariais
	Lic. Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Pontevedra	
2003/04	Enx. Téc. Industrial - Esp. Electrónica Industrial - Esp. Mecánica	Vigo	
2004/05	Lic. Comunicación Audiovisual	Pontevedra	
	GU Sénior	Ourense/ Pontevedra/Vigo	

Quinquenio 2005/06 – 2009/10

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
2005/06	Dip. Turismo GS Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	Ourense	Enx. Téc. Industrial
	Enx. Téc. De Telecomunicación Lic. Tradución e Interpretación - Español-Francés - Español-Inglés - Galego-Francés - Galego-Inglés	Vigo	
	GS Deseño Téxtil e Moda	Pontevedra	
	GS Sénior	Ourense/ Pontevedra/ Vigo	
2006/07	Enx. En Automática e Electrónica Industrial GU Ciencias Policiais	Ourense	
	GS Información Técnica do Medicamento	Vigo	
2007/08	Enx. De Organización Industrial GU Detective Privado	Vigo	
2008/09	Grao Belas Artes	Pontevedra	

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
2009/10	Grao Turismo	Ourense	GS Información Técnica do Medicamento
	Grao Dirección e Xestión Pública Grao Dirección e Xestión pública (curso ponte) Grao Fisioterapia Grao Fisioterapia (curso ponte)	Pontevedra	
		Vigo	Lic. Tradución e Interpretación

Quinquenio 2010/11 – 2014/15

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
2010/11	Grao Economía	Vigo	Lic. Ciencias Químicas GU Ciencias Policiais
	GU en Información Técnica do Medicamento	Ourense	
	Grao Administración e Dirección de Empresas Grao Administración e Dirección de Empresas (curso ponte)	Ourense/Vigo	
	Grao Enfermaría (curso ponte)	Ourense/ Pontevedra/Vigo	
2011/12	Grao Enx. Informática (curso ponte) Grao Turismo (curso ponte ⁷²)	Ourense	GU Información Técnica do Medicamento
	Grao Relacións Laborais e Recursos Humanos (curso ponte)	Vigo	
	Grao Enfermaría	Ourense/ Pontevedra/Vigo	

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
2012/13	Grao Bioloxía Grao Ciencias do Mar Grao Linguas Estranxeiras Grao Química Grao Relacións Laborais e Recursos Humanos Grao Tradución e Interpretación (Español-Francés, Español-Inglés, Galego-Inglés) Grao Enx. Eléctrica (curso ponte) Grao Enx. en Electrónica Industrial e Automática (curso ponte) Grao Enx. Química Industrial (curso ponte) Grao Enx. Mecánica (curso ponte)	Vigo	Lic. Filoloxía Hispánica Lic. Tradución e Interpretación (Galego-Francés)
	Grao Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Grao Educación Social Grao Enxeñaría Informática Grao Traballo Social Grao Xeografía e Historia Grao Ciencias Ambientais	Ourense	Grao Turismo (curso ponte ⁷³)
	Grao Ciencias da Actividade Física e do Deporte Grao Comunicación Audiovisual Grao Estudos de Galego e Español Publicidade e Relacións Públicas Grao Enx. Forestal (curso ponte ⁷⁴)	Pontevedra	Dip. Fisioterapia
	Grao Dereito	Ourense/Vigo	
	Grao Educación Infantil Grao Educación Primaria	Ourense/ Pontevedra/Vigo	

Curso	Novas titulacións	Campus	Titulacións extinguidas
2013/14	Grao Comercio Grao Enx. da Enerxía Grao Enx. Tecnoloxías de Comunicación Grao Enx. Recursos Mineiros e Enerxéticos Grao Enx. Eléctrica Grao Enx. Electrónica Industrial e Automática Grao Enx. Organización Industrial Grao Enx. Química Industrial Grao Enx. Tecnoloxías Industriais Grao Enx. Mecánica Grao Tradución e Interpretación (Galego-Francés) Grao Enx. Tecnoloxías de Telecomunicación (curso ponte ⁷⁵)	Vigo	Dip. Relacións Laborais Lic. Tradución e Interpretación (Español-Inglés) GU Detective Privado
	Grao Consultadoría e Xestión da Información Grao Enx. Agraria Grao Educación Social (curso ponte) Grao Traballo Social (curso ponte)	Ourense	Dip. Educación Social Dip Traballo Social Dip. Turismo Grao Turismo (curso ponte ⁷⁶) GS Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
	Grao Enx. Forestal	Pontevedra	Dip. Xestión e Administración Pública
	Grao Educación Infantil (curso ponte ⁷⁷) Grao Educación Primaria (curso ponte ⁷⁸)	Ourense/ Pontevedra/Vigo	Dip. Maxisterio
2014/15	Grao Educación Infantil (curso ponte ⁷⁹) Grao Educación Primaria (curso ponte ⁸⁰)	Ourense/ Pontevedra/Vigo	
	TS Deseño Téxtil e Moda	Pontevedra	

Dip.: Diplomatura; GU: Graduado Universitario; GS: Graduado Superior; Enx.: Enxeñaría Superior; Enx. Téc. Enxeñaría Técnica; Lic.: Licenciatura; TS: Titulado Superior

72) Itinerarios en Dirección e Xestión de Empresas Turísticas, en Planeamento e Xestión de Proxectos de Aproveitamento de Recursos Turísticos e doutras Universidades.

73) Itinerario en Xestión e Dirección de Empresas Turísticas.

74) Orientacións en Explotacións Forestais, en Industrias da Madeira e en Xestión do Medio Ambiente.

75) Itinerario Enxeñaría Técnica de Telecomunicación coas especialidades en Sistemas de Telecomunicación, Sistemas Electrónicos e Son e Imaxe.

76) Itinerario en Planeamento e Xestión de Proxectos de Aproveitamento de Recursos Turísticos.

77) Itinerario Mestre/a coa especialidade en Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira.

78) Itinerario Mestre/a coa especialidade en Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Primaria e Lingua Estranxeira.

79) Itinerario Mestre/a en Educación Especial.


80) Itinerario Mestre/a en Educación Musical.

ANEXO 2: Taxas de evolución quinquenal e interanual dos títulos emitidos


Curso	Núm.	Evolución interanual (%)	Núm.	Evolución quinquenal (%)
1989/1990	653	-	7950	-
1990/1991	1160	77,6		
1991/1992	1216	4,8		
1992/1993	1364	12,2		
1993/1994	1592	16,7		
1994/1995	1965	23,4		
1995/1996	2066	5,1	14561	83,2
1996/1997	2570	24,4		
1997/1998	3025	17,7		
1998/1999	3330	10,1		
1999/2000	3570	7,2		
2000/2001	3435	-3,8	19080	31,0
2001/2002	3608	5,0		
2002/2003	3977	10,2		
2003/2004	3851	-3,2		
2004/2005	4209	9,3		
2005/2006	3747	-11,0	19845	4,0
2006/2007	3185	-15,0		
2007/2008	3786	18,9		
2008/2009	3097	-18,2		
2009/2010	6030	94,7		
2010/2011	4655	-22,8	20894	5,3
2011/2012	3783	-18,7		
2012/2013	4042	6,8		
2013/2014	4128	2,1		
2014/2015	4286	3,8		

ANEXO 3: Evolución interanual dos títulos emitidos por ámbitos académicos


Artes e Humanidades




Ciencias da Saúde




Científico




Tecnolóxico



Xurídico-Social



Multidisciplinar





ANEXO 4: Cadro de datos da evolución interanual dos títulos emitidos por ámbito académico (%)

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Xurídico-Social	Multidisciplinar	Tecnolóxico
1989/1990	12,7	8,1	8,6	64,8	0,0	5,8
1990/1991	7,3	9,6	3,0	72,9	0,0	7,2
1991/1992	7,4	14,9	3,5	66,1	0,0	8,1
1992/1993	7,3	11,4	4,0	66,1	0,0	10,8
1993/1994	5,7	13,8	3,0	64,4	0,0	12,8
1994/1995	7,7	10,9	1,9	69,6	0,0	9,7
1995/1996	6,3	9,6	5,7	67,1	0,0	11,3
1996/1997	9,0	8,9	5,6	64,3	0,0	12,2
1997/1998	8,3	7,6	5,7	65,5	0,0	12,9
1998/1999	7,1	7,4	7,4	61,7	0,0	16,5
1999/2000	7,4	7,4	7,8	60,7	0,0	16,7
2000/2001	8,6	7,7	9,0	57,5	0,0	17,2
2001/2002	8,5	7,4	8,3	56,2	0,0	19,7
2002/2003	8,6	6,4	7,4	52,5	0,0	25,2
2003/2004	7,3	6,5	6,9	55,1	0,0	24,2
2004/2005	5,0	5,7	5,8	47,9	1,8	33,8
2005/2006	8,1	6,1	8,1	50,7	2,9	24,2
2006/2007	10,2	8,2	7,0	45,2	1,2	28,1
2007/2008	8,0	7,1	5,7	46,1	2,1	31,1
2008/2009	6,2	6,8	6,9	48,8	1,3	30,0
2009/2010	7,0	6,1	6,4	50,3	6,2	24,1
2010/2011	8,8	6,5	5,9	45,3	7,4	26,0
2011/2012	9,5	5,1	6,7	41,3	9,1	28,2
2012/2013	11,2	4,9	6,3	42,7	7,1	27,7
2013/2014	9,9	5,7	5,8	41,0	7,5	30,1
2014/2015	9,9	6,0	5,5	41,1	7,9	29,7


ANEXO 5: Cadro de datos estendido da evolución quinquenal dos títulos emitidos por ciclo de estudos (%)

QUINQUENIO		CICLO CURTO		CICLO LONGO		GRA	MU	TIT PROPIOS		
		DIP	Enx.Téc.	LIC	Enx.			GS	GU	TS
1º	1989/90 – 1994/95	64,4	4,3	25,9	5,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
2º	1995/96 – 1999/2000	54,5	6,5	31,2	7,8	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
3º	2000/01 – 2004/05	39,7	15,3	35,5	9,1	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0
4º	2005/06 – 2009/10	33,2	10,8	30,6	12,7	0,8	9,3	0,5	2,2	0,0
5º	2010/11 – 2014/15	9,1	8,4	12,8	7,7	27,1	32,2	0,5	2,2	0,0


